

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 15 DE XULLO DE 2025, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Decreto polo que se concede a Medalla de Galicia na categoría de ouro.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Vilanova de Arousa para a execución de actuacións de embelecemento do litoral no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, por un importe total de trescentos oitenta mil seiscentos corenta e tres euros (380.643,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (actualmente Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes) e Aceesca, Asociación de Apoyo a Personas con Diversidad Intelectual, para posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade ao CEEPR Aceesca, polo importe máximo de cento noventa e un mil trescentos catorce euros con corenta céntimos (191.314,40 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (actualmente Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes) e a Asociación de Atención a la Parálisis Cerebral y Afines (Amencer-Aspace) para posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade aos CEEPR Amencer-Aspace e ao CEEPR Princesa Letizia, polo importe máximo de cento sesenta e un mil douscentos corenta e tres euros con oito céntimos (161.243,08 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (actualmente Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes) e AMICOS, Asociación para a Atención e Integración de Persoas con Discapacidade Intelectual, Autismo Parálise-Dano Cerebral e as súas Familias para posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade ao CEEPR Amicos, polo importe máximo de cento corenta e oito mil novecentos catro euros con doce céntimos (148.904,12 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (actualmente Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes) e ASCM Ferrolterra, S.L., para posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade a centros educativos radicados na provincia da Coruña, polo importe máximo de sesenta e nove mil cincocentos noventa e dous euros con sesenta e seis céntimos (69.592,66 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (actualmente Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes) e a Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral (Aspace) para posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade ao CEEPR Aspace, polo importe máximo de cento trece mil novecentos oitenta e dous euros con trinta céntimos (113.982,30 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (actualmente Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes) e a Asociación de Padres de Personas con Trastorno do Espectro Autista (TEA) de la Provincia de A Coruña (Aspanaes) para posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade aos CEEPR Aspanaes A Coruña, Aspanaes Duques de Lugo, Aspanaes Ferrol e Aspanaes As Pontes, polo importe máximo de catrocentos mil setecentos sesenta e tres euros con corenta e catro céntimos (400.763,44 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (actualmente Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes) e a Asociación en Favor de las Personas con Discapacidad Intelectual de la Provincia de Pontevedra (Aspanaex) para posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade ao CEEPR Aspanaex, polo importe máximo de corenta e cinco mil trescentos vinte e nove euros con corenta e oito céntimos (45.329,48 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (actualmente Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes) e a Asociación pro Personas con Discapacidad Intelectual de Galicia (Aspronaga) para posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade ao CEEPR Nuestra Señora de Lourdes, polo importe máximo de cento nove mil oitocentos sesenta e oito euros con setenta e dous céntimos (109.868,72 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (actualmente Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes) e a Asociación Autismo Bata para posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade ao CEEPR Bata-Os Mecos, polo importe máximo de catorce mil noventa e cinco euros con oitenta e dous céntimos (14.095,82 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (actualmente Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes) e a Asociación Autismo Ourense para posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade ao CEEPR Ilustre Mestre, polo importe máximo de trinta e tres mil douscentos sesenta e un euros con oito céntimos (33.261,08 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (actualmente Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes) e a Fundación Menela para posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade ao CEEPR Menela, polo importe máximo de noventa e seis mil trescentos catorce euros con dous céntimos (96.314,02 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (actualmente Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes) e a entidade Hogar y Clínica San Rafael de Vigo para posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade ao CEEPR HC San Rafael de Vigo, polo importe máximo de cincuenta e catro mil cincocentos trinta e tres euros con oitenta e seis céntimos (54.533,86 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (actualmente Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes) e I-LAB Centro Especial de Empleo, S.L., para posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade a centros educativos radicados na provincia da Coruña, polo importe máximo de noventa e sete mil trescentos noventa e oito euros con catro céntimos (97.398,04 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e Lenda Educativa, Sociedade Cooperativa Galega, para posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade ao CEEPR Lenda Educativa, polo importe máximo de cento oitenta e catro mil trescentos oitenta e seis euros con sesenta e nove céntimos (184.386,69 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (actualmente Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes) e a Asociación Nuestra Señora de Chamorro para posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade ao CEEPR Nuestra Señora de Chamorro, polo importe máximo de vinte e dous mil novecentos vinte e catro euros con sesenta e dous céntimos (22.924,62 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (actualmente Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes) e a Asociación San Xerome Emiliani para posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade ao CEEPR San Xerome Emiliani, polo importe máximo de noventa e cinco mil setecentos noventa e nove euros con sesenta céntimos (95.799,60 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (actualmente Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes) e o Centro Juan María-Asociación Esperanza Valle Miñor para posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade ao CEEPR Juan María, polo importe máximo de sesenta e oito mil sesenta e oito euros con noventa e oito céntimos (68.068,98 €).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Acordo polo que se toma razón da publicación pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático dunha guía interpretativa sobre os anexos da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Vilagarcía de Arousa para a execución da actuación de saneamento Ampliación da estación depuradora de augas residuais de Vilagarcía de Arousa, cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do Programa Galicia Feder 2021-2027, por un importe de trinta e un millóns trescentos noventa e tres mil trescentos tres euros con dezaioito céntimos (31.393.303,18 €).

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia e a Organización Nacional de Cegos Españoles (ONCE), para a prestación de servizos educativos ao alumnado con cegueira ou deficiencia visual grave para o curso escolar 2025/26, por un importe de trescentos corenta e seis mil catrocentos corenta euros con sesenta e tres céntimos (346.444,63 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a Axencia Galega de Innovación para realizar pagamentos anticipados ata o 80 % da subvención concedida co límite de que a suma dos pagamentos á conta e os anticipos non poderá ser superior ao 90 % da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados nin excederá a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario, e para eximir da obriga de constituír garantías, polo importe dos pagamentos anticipados e á conta establecidos nas bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas do Programa de unidades mixtas de investigación cofinanciadas pola Unión Europea nun 60 % no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025, por un importe de doce millóns de euros (12.000.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a Axencia Galega de Innovación para realizar pagamentos anticipados ata o 80 % da subvención concedida co límite de que a suma dos pagamentos á conta e os anticipos non poderá ser superior ao 90 % da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados nin excederá a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario, e para eximir da obriga de constituír garantías, polo importe dos pagamentos anticipados e á conta establecidos nas bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas do programa Nexos, cofinanciadas pola Unión Europea nun 60 % no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025, por un importe de vinte e oito millóns de euros (28.000.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a Axencia Galega de Innovación para realizar pagamentos anticipados ata o 80 % da subvención concedida co límite de que a suma dos pagamentos á conta e os anticipos non poderá ser superior ao 90 % da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados nin excederá a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario, e para eximir da obriga de constituír garantías, polo importe dos pagamentos anticipados e á conta establecidos nas bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas do programa de fortalecemento e ampliación das capacidades dos centros tecnolóxicos galegos, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025, por un importe de nove millóns setecentos cincuenta e mil euros (9.750.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a Axencia Galega de Innovación para realizar pagamentos anticipados ata o 70 % da subvención concedida co límite de que a suma dos anticipos non excederá a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario, e para eximir da obriga de constituír garantías, polo importe dos pagamentos anticipados establecido nas bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència non competitiva, das axudas do programa Recuperación de Excelencia Neotec, cofinanciadas pola Unión Europea nun 60 % no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025, por un importe de tres millóns de euros (3.000.000,00 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á contratación administrativa, suxeita a regulación harmonizada, dun servizo de transporte adaptado para persoas usuarias do servizo público de atención diúrna en centros da rede do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (lotes 1 a 15). O importe de licitación é de seis millóns cincocentos cincuenta e sete mil seiscentos sesenta e seis euros con vinte e oito céntimos (6.557.666,28 €) e o valor estimado, de trinta e un millóns catrocentos setenta e seis mil setecentos noventa e oito euros con vinte céntimos (31.476.798,20 €).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se toma razón da aprobación inicial do Plan estruturante de ordenación do solo empresarial para a ampliación do parque empresarial de Camba, no concello de Xove (Lugo).

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a licitación das obras de construción dun edificio para 56 vivendas de promoción pública (VPP), garaxes, rochos e 2 locais comerciais na parcela P-14 do polígono B1, sita en rúa Prado Novo, Valdecorvos, no concello de Pontevedra, cun orzamento de licitación e un valor estimado de nove millóns trescentos corenta e sete mil catrocentos corenta e seis euros e noventa e tres céntimos (9.347.446,93 €), sen IVE.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza, mediante acordo marco cunha única empresa, a contratación para subministrar dispositivos de asistencia ventricular esquerda implantable de longa duración con destino as áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde, por un valor estimado de seis millóns catrocentos setenta e seis mil oitocentos euros, sen IVE (6.476.800,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Sanidade-Servizo Galego de Saúde para adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual e a superación dos límites para os anticipos e pagamentos á conta, na orde pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan subvencións para proxectos de saúde pública no campo do VIH/ sida e outras infeccións de transmisión sexual realizados en Galicia por entidades privadas sen ánimo de lucro, por un importe de novecentos noventa mil catrocentos vinte e seis euros (990.426,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) para realizar programas de atención e protección da saúde, por un importe de catro millóns vinte e dous mil oitocentos euros (4.022.800,00 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se aproba o texto do proxecto de Decreto polo que se regula o Rexistro Galego Sanitario de Empresas e Establecementos Alimentarios e se establecen requisitos de hixiene na produción e comercialización para determinados establecementos para os efectos da súa remisión ao Consello Consultivo de Galicia.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Fundación Museo do Videoxogo de Galicia para a identificación, difusión e preservación do patrimonio vencellado aos videoxogos galegos, por un importe de dez mil douscentos euros (10.200,00 €).

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para adquirir compromisos de gastos de carácter plurianual e para superar a porcentaxe en pagamentos anticipados, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, e se convocan para o ano 2025, por un importe total de dez millóns douscentos sesenta e oito mil euros (10.268.000,00 €).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se toma razón da convocatoria 2025 das axudas destinadas para o fomento da utilización de maquinaria agrícola en réxime asociativo en Galicia, financiadas co Instrumento de recuperación da unión europea (EURI) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020.
- Acordo polo que se toma razón da convocatoria pola que se regula o procedemento para recoñecer o dereito a préstamos de financiamento de investimentos e capital circulante con bonificación de xuros garantidos polo Instrumento financeiro de xestión centralizada no marco do Plan estratéxico da política agraria común de España 2023-2027, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader).
- Acordo polo que se toma razón do acordo de inicio e consulta pública previa do anteproxecto de Decreto polo que se determinan as actuacións dirixidas a reducir e evitar a contaminación producida por nitratos procedentes de fontes agrarias na Comunidade Autónoma de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Portos de Galicia da Consellería do Mar, o Concello de Baiona e a Fundación privada Banco Sabadell para a adecuación da Doca do porto de Baiona, por un importe total de catrocentos vinte e dous mil setecentos cincuenta euros (422.750,00 €), IVE incluído.
- Acordo entre a Consellería do Mar e a Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas, M.P. (CSIC), a través do Instituto de Investigacións Mariñas (IIM), para realizar o proxecto Estudo do desenvolvemento e saúde das poboacións naturais de polbo común *Octopus vulgaris* en Galicia (Octosan).

INFORMES

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Informe sobre Activa I+G+i: apoio e colaboración entre empresas e para a transferencia efectiva de resultados

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Informe sobre o seguimento do Plan de axilización e simplificación dos trámites de dependencia e discapacidade.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe de execución do Mecanismo de recuperación e resiliencia en Galicia, segundo trimestre de 2025.
- Informe sobre as actuacións de concienciación en materia de ciberseguridade no ámbito educativo no curso 2024/25.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a Orde de programas de incorporación social en vivendas para pacientes estabilizados en unidades asistenciais especializadas en drogodependencias.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre as axudas concedidas a proxectos colectivos para a modernización e mellora dos equipamentos e das infraestruturas dos portos pesqueiros, dos lugares de desembarque, das lonxas e dos ancoradoiros 2025.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ENTREGARÁ A MEDALLA DE GALICIA AOS ALCALDES DE BRAGA E PORTO

- Rueda resalta que Ricardo Río e Rui Moreira son un bo exemplo da “do espírito de cooperación” que hai entre Portugal e a comunidade galega
- Salienta os lazos “históricos, culturais, lingüísticos e económicos” que unen a ambas rexións
- Galicia colabora con ambas cidades en proxectos culturais, científicos, sanitarios ou vencellados ao turismo

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou que o Consello aprobou hoxe conceder a Medalla de Ouro de Galicia aos alcaldes de Braga, Ricardo Río, e Porto, Rui Moreira, que este ano deixan o seu cargo ao chegar ao período máximo de mandato que fixa a normativa portuguesa. Deste xeito, os dous rexidores súmanse á Súa Alteza Real a Princesa de Asturias que tamén recibiu este ano a Medalla de Galicia, a máxima distinción que concede a comunidade galega.

Rueda salientou que Río e Moreira representan “o espírito de cooperación entre Galicia e o norte de Portugal”, dous territorios que comparten “lazos históricos e culturais, lingüísticos e un ecosistema económico” que xera milleiros de postos de traballo e de relacións humanas aos dous lados da raia.

Ricardo Río é alcalde de Braga desde 2013 e exerceu diferentes cargos en organismos de cooperación coma o Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular, unha plataforma desde a que “sempre reivindicou melloras que redunden na calidade de vida dos veciños de ambas rexións”, segundo indicou Rueda.

O presidente salientou ademais importantes centros ubicados en Braga cos que Galicia mantén unha “unha activa” colaboración. É o caso do Laboratorio Ibérico Internacional de Nanotecnoloxía, centro pioneiro neste ámbito e co que desenvolven dez proxectos conxuntos. Ademais a comunidade galega colabora con esta cidade en diferentes actividades culturais como residencias artísticas para creadores de ambas rexións ou programas para promover o cine, a música ou a arquitectura galega en Braga.

No caso de Rui Moreira, alcalde de Porto tamén desde 2013, o presidente da Xunta resaltou que se trata “dun aliado fundamental” á hora de solicitar avances na liña de alta velocidade entre Vigo e Lisboa ou no Corredor Atlántico. Ademais, Galicia colabora nunha trintena de proxectos coa Universidade de Porto e as dúas rexións cooperan en iniciativas para promover o envellecemento activo ou o turismo.

Rueda explicou que a entrega destas dúas Medallas de Galicia terá lugar, como é habitual, o vindeiro 24 de xullo nun acto en Santiago de Compostela.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA FAI MÁIS ACCESIBLE E TRANSITABLE A FACHADA LITORAL DO CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA

O Consello da Xunta autoriza un novo convenio para a construción da pasarela peonil en San Miguel de Deiro e a senda Rego do Alcalde

O Consello da Xunta aprobou hoxe a subscrición dun novo convenio de colaboración entre Turismo de Galicia e o concello de Vilanova de Arousa destinado a actuacións de embelecemento do litoral deste municipio. O acordo recolle a construción dunha pasarela peonil e da senda Rego do Alcalde na parroquia de San Miguel de Deiro.

En concreto, o convenio asegura a construción dunha nova pasarela peonil que permita dar continuidade ao tránsito peonil na fronte litoral da parroquia de San Miguel de Deiro, na zona da contorna da praia das Patiñas e da desembocadura do Rego do Alcalde. Ademais, executarase unha senda peonil nos deste último punto nos que os camiños existentes non cumpren coas condicións de itinerario peonil accesible.

Estas actuacións buscan recuperar e dar continuidade peonil á servidume de tránsito de costas no bordo litoral, así como poñer en valor a fronte marítima costeira en que se actúa. Ademais, ao facilitar a conexión para peóns no litoral dos concellos de Vilanova de Arousa e Cambados, contribúese a fomentar o coñecemento do patrimonio cultural da zona, como a variante espiritual do Camiño de Santiago ou o embarcadoiro romano situado no propio Rego do Alcalde.

O orzamento estimado ascende aos 380.643 €. O convenio recolle que a Axencia de Turismo de Galicia financiará case o 83 % do custo da actuación que está cofinanciada pola Unión Europea, a través do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, no marco dos fondos NextGenerationEU.

O Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR) inclúe como parte do compoñente 14 unha liña de investimento de transformación do modelo turístico cara á sustentabilidade, que recolle o Programa de plans de sustentabilidade turística en destinos. En Galicia, este plan deseñouse en 2021 e ten como prioridade o fomento e execución de actuacións de turismo sustentable en destinos do litoral da propia comunidade autónoma, onde se enmarcaría estas actuacións.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA FACILITA O SERVIZO DE TRANSPORTE ADAPTADO AO ALUMNADO DE 17 ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO E CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO

O Consello autoriza a sinatura de addendas aos convenios de colaboración coas 17 entidades, por un orzamento de 1,9 millóns de euros, un 3 % máis ca no curso anterior, para garantir unha ensinanza en igualdade de condicións a case medio milleiro de alumnos e alumnas

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura das addendas para facilitar o transporte escolar adaptado ao alumnado de 17 entidades especializadas na atención á diversidade cun orzamento superior a 1,9 millóns de euros, que se achegarán ao longo do curso 2025/26, un 3 % máis que o destinado o curso que acaba de rematar, no cal se destinaron máis de 1,8 millóns de euros.

Deste xeito, o Goberno galego colabora con entidades sen ánimo de lucro e centros especiais de emprego para posibilitar o desprazamento do alumnado con distintos tipos de discapacidade que, por exixencias de carácter académico, foi escolarizado en centros privados e noutras entidades públicas, a utilización do transporte escolar de ida e volta entre os seus domicilios e os centros das entidades. Os acordos tamén permiten, de ser o caso, o traslado a centros nos que se reciban tratamentos de rehabilitación cando coincidan co horario escolar.

Así, a Xunta, no marco do seu compromiso coa atención á diversidade do alumnado galego, garante a este sector da poboación escolar galega, que require unha atención específica e preferente, o acceso á ensinanza en igualdade de condicións que o resto de nenos e nenas en idade escolar. Trátase de 77 rutas que empregan arredor de 450 alumnos e alumnas para acudir a máis dunha vintena de centros das distintas entidades asinantes.

Con estas addendas, o Goberno galego cobre o 100 % do gasto derivado da prestación do servizo de transporte. Pola súa banda, a función de acompañamento e atención do alumnado en cada desprazamento correspóndelle ao persoal auxiliar que as asociacións se comprometen a facilitar para o efecto, ben que nos vehículos poderán viaxar os coidadores e as coidadoras daquelas persoas que, debido á súa discapacidade, precisen dun acompañamento individualizado, continuo e permanente.

A través destes acordos, o Goberno galego faise cargo do 100 % do gasto derivado da prestación do servizo de transporte. Pola súa banda, as asociacións comprométese a facilitar os desprazamentos cos vehículos adaptados que sexan necesarios, así como a prestar os pertinentes servizos especializados de acompañamento e atención ao alumnado trasladado. De feito, a función de acompañamento e atención do alumnado en cada desprazamento correspóndelle ao persoal auxiliar que as asociacións se comprometen a facilitar para o efecto, ben que nos vehículos poderán viaxar os

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

coidadores e as coidadoras daquelas persoas que, debido á súa discapacidade, precisen dun acompañamento individualizado, continuo e permanente.

En concreto, asinaranse addendas aos convenios xa subscritos coa Aceesca, coa Asociación de Atención a la Parálisis Cerebral y Afines (Amencer), coa Asociación para a atención e integración de persoas con discapacidade intelectual, autismo, parálise-dano cerebral e as súas familias (Amicos), con ASCM Ferrolterra, coa Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral (Aspace), coa Asociación de Pais de Persoas con Trastornos do Espectro Autista da Provincia da Coruña (Aspanaes), coa Asociación en Favor de las Personas con Discapacidad Intelectual de la Provincia de Pontevedra (Aspanaex), coa Asociación pro Personas con Discapacidad Intelectual de Galicia (Aspronaga), coa Asociación Autismo Bata, coa Asociación Autismo Ourense, coa Asociación Benéfica y Social de Padres y Amigos A Esperanza do Val Miñor, con Hogar y Clínica San Rafael de Vigo, con I-LAB Centro Especial de Empleo S.L., coa Asociación Nuestra Señora de Chamorro, coa Asociación San Xerome Emiliani, coa Fundación Menela e co centro Lenda Educativa Sociedade Cooperativa Galega.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A SINATURA DUN CONVENIO CO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA PARA AMPLIAR A SÚA ESTACIÓN DEPURADORA POR 31,4 M€

- A nova infraestrutura dará servizo a unha poboación de preto de 100.000 habitantes, o que suporá duplicar o número de persoas para as cales foi deseñada
- Esta actuación, para a que Augas de Galicia achegará o 80 % do financiamento e o Concello asumirá o 20 % restante, será cofinanciada a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) no marco do Programa Galicia Feder 2021-2027
- As obras, que se executarán na localización da actual depuradora e cuxa execución deberá ser compatible co funcionamento das instalacións actuais, suporán a construción de novas liñas de auga, de lodos e de biogás
- Aínda que a prestación dos servizos de saneamento é unha responsabilidade de competencia municipal, a Xunta leva anos prestando o seu apoio técnico e financeiro aos concellos que o necesiten

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Vilagarcía de Arousa para acometer as obras de ampliación da estación depuradora de augas residuais (EDAR) desa localidade pontevedresa por preto de 31,4 millóns de euros.

Para levar a cabo esta actuación, cuxo obxectivo é solucionar as carencias da instalación actual e garantir o cumprimento dos límites de vertedura, Augas de Galicia achegará o 80 % do financiamento mentres que o 20 % restante o proporcionará o Concello. Cómpre indicar que esta obra será cofinanciada a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) no marco do Programa Galicia Feder 2021-2027.

Ademais, coa ampliación prevista, a futura EDAR dará servizo a unha poboación potencial de preto de 100.000 habitantes —sumando tanto a poboación fixa como a estacional e tamén as achegas do sector industrial— fronte aos 46.000 habitantes equivalentes para os cales foi deseñada no momento da súa construción. Polo tanto, duplicarase o número de persoas que poden ser atendidas.

O convenio autorizado hoxe, que estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2035, permitirá, ademais de garantir a sostibilidade desta estación depuradora, solucionar os principais problemas detectados nun estudo detallado sobre a EDAR actual, que son a insuficiente capacidade hidráulica e de tratamento de cargas e de lodos.

Así, as obras, que se executarán na localización da actual depuradora e cuxa execución deberá ser compatible co funcionamento das instalacións actuais, suporán a construción de novas liñas de auga, de lodos e de biogás.

A liña de auga prevista integrará os seguintes procesos: pretratamento —para aloxar nun ou varios edificios con desodorización—, novo tratamento biolóxico, decantación secundaria, tratamento terciario de desinfección e sistema de eliminación química de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

fósforo. A maiores, construírse tamén un novo bombeo ao emisario submarino existente e avaliarase a necesidade de modificar as bocas existentes e/ou aumentar o número de difusores para que se axusten ao caudal de deseño máximo da EDAR.

En canto á liña de lodos, situarase dentro do actual edificio, instalarase o sistema de desodorización e deseñaranse dúas liñas, tendo en conta que cada unha delas deberá ter capacidade para tratar o caudal diario. Pola súa parte, a liña de biogás estará integrada por gasómetro, tratamento de afinamento de biogás previo ao motor de coxeración, motor con recuperación de enerxía e facho.

A maiores, remodelaranse os actuais edificios de control e de lodos, e demolerase a actual instalación de pretratamento, reconvertendo o espazo que ocupaba en zona portuaria. Ademais, revisarase e repararase, de ser necesario, o emisario existente ao medio mariño.

Unha vez completadas as obras, as instalacións disporán de capacidade hidráulica para xestionar as augas que se xeran en tempo seco e optimizar o funcionamento en tempo de chuvia grazas a un aumento do seu caudal medio, que pasará dos 250 l/s actuais aos 500 l/s, é dicir, duplicarase a súa capacidade.

Colaboración cos concellos

Esta actuación enmárcase na colaboración tanto técnica como económica que mantén desde hai anos Augas de Galicia cos concellos —que son os competentes en materia de abastecemento, saneamento e depuración— para contribuír a profesionalizar a xestión da auga, garantir o bo estado ecolóxico dos ríos e das rías de Galicia e a mellorar a calidade duns servizos que son básicos para a cidadanía.

De feito, ese compromiso cos gobernos locais reflíctese tamén nos orzamentos deste ano, cun esforzo adicional para mellorar a xestión do ciclo integral da auga e un orzamento global de Augas de Galicia de 144 millóns de euros. Este investimento permitirá seguir optimizando o saneamento e o abastecemento municipais mediante a mellora das infraestruturas, da formación e da divulgación e a execución de políticas activas de resposta ao cambio climático no eido dos recursos hidráulicos.

O obxectivo principal será facer un uso eficiente da auga e reducir a pegada hídrica na Comunidade mediante investimentos nas redes de saneamento, depuración e traída, así como no apoio aos concellos a través de media ducia de liñas de axudas (que suman un orzamento de case 7,5 millóns), o deseño de mapas de riscos climáticos ou a creación de corredores verdes e de zonas de inundación controlada ante os asolagamentos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ELABORA UNHA GUÍA INTERPRETATIVA DA LEI ESTATAL DE AVALIACIÓN AMBIENTAL PARA DAR SEGURIDADE XURÍDICA AOS PROXECTOS PROMOVIDOS EN GALICIA

- O Executivo galego busca dar resposta ás dúbidas e incertezas que teñen os promotores e a Administración autonómica nalgúns casos pola falta de concreción do texto lexislativo e axilizar os procedementos
- O Goberno autonómico inclúe no documento, que será publicado na web da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, 18 criterios clarificadores nos que se manteñen estritas exigencias ambientais ás distintas iniciativas
- O documento fixa que liñas eléctricas deben someterse a este trámite, clarexa dúbidas sobre iniciativas de placas solares afectadas pola norma e determina que os aloxamentos turísticos como cabanas e bungalows son equiparables aos campamentos tradicionais e deben superar esa avaliación
- Esta ferramenta enmárcase no compromiso da Xunta de apostar pola axilización e simplificación administrativa, pois elevará a eficiencia ao reducir as consultas e acelerará a aprobación de proxectos velando tamén pola protección ambiental

O Consello da Xunta analizou hoxe unha guía interpretativa elaborada pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático sobre a lei estatal de avaliación ambiental que busca clarificar distintos aspectos relacionados coa aplicación desta normativa e dar seguridade xurídica tanto aos promotores dos proxectos impulsados en Galicia como aos distintos departamentos que exercen de órganos substantivos na súa tramitación.

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade realizou este documento -*Guía interpretativa sobre os anexos da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental*- unha vez constatadas as confusións que xera a aplicación do Real decreto 445/2023, do 15 de xuño, que modifica a lei para engadir máis proxectos que deben someterse ao trámite ambiental e sobre os cales hai dúbidas tanto entre os promotores como nas administracións.

A guía elaborada polo Executivo galego, que se publicará na web da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e estará á disposición dos interesados, pretende evitar consultas e trámites innecesarios que dilatan os procedementos e poñen en risco a execución de proxectos na Comunidade. Trátase dunha medida que contribuirá a impulsar os investimentos, á creación de emprego, ao crecemento económico e ao desenvolvemento de sectores produtivos como o industrial, o enerxético, o agrogandeiro, o forestal ou o turístico, entre outros.

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade abordou esta cuestión aplicando os principios de proporcionalidade, eficiencia e racionalización administrativa para dar certezas e garantías a todos os actores implicados, pero mantendo en todo momento os estándares máis altos de respecto polo ambiente, unha exigencia irrenunciable para a implantación de proxectos en Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O documento elaborado pola Xunta inclúe 18 criterios que fan referencia a outras tantas epígrafes e apartados dos anexos da normativa estatal de avaliación ambiental que permiten aclarar cuestións relativas a proxectos tramitados por distintos órganos substantivos, encargados de remitirllle os expedientes ao órgano ambiental e conceder as autorizacións sectoriais correspondentes. Polo tanto, trátase dunha ferramenta útil para os axentes implicados nos procedementos de avaliación ambiental.

Un exemplo das cuestións que clarifica a guía ten que ver coa tramitación das liñas eléctricas, pois a lei estatal dispón a necesidade de someter a avaliación ambiental simplificada as liñas de escasa lonxitude e voltaxe «se discorren a menos de 200 metros de poboación ou a menos de 100 metros de vivendas illadas nalgún tramo do seu percorrido, salvo que discorran integramente en subterráneo por solo urbanizado».

A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático establece unha definición precisa do que se considera solo urbanizado e, tendo en conta que nalgúns casos pode ser excesivamente restritiva, exclúense do trámite de avaliación de impacto ambiental simplificada os proxectos de liñas cuxo trazado principal discorre tamén soterrado por solo urbano ou núcleo rural, así como ao longo de viarios existentes. Nestes casos o terreo xa sufriu modificacións previas e, polo tanto, non son previsibles novos efectos adversos significativos sobre o medio.

Peculiaridades de Galicia

Nesta decisión tivéronse en conta tamén as características propias de Galicia, onde a dispersión poboacional é algo habitual e non puntual, polo que era preciso aclarar —ao igual que no caso anterior— qué criterios se empregan para interpretar os conceptos de vivenda illada e poboación. Con este fin, establécese que para que dúas vivendas se consideren un núcleo de poboación deben atoparse en parcelas lindeiras.

Outro caso en que se concreta un pouco máis é o das concentracións parcelarias. O documento da Xunta aclara que só se considerarán como tales para os efectos de avaliación ambiental aquelas que impliquen modificacións físicas da contorna como a apertura de camiños ou que supoñan unha alteración substancial da cuberta vexetal, non aquelas cunha reorganización unicamente de carácter administrativo.

Desta forma distínguese entre as concentracións parcelarias en que se producen actuacións físicas sobre o terreo e as que teñen un carácter puramente administrativo, polo que se resolven as dúbidas sobre se as concentracións puramente administrativas teñen que someterse aos procedementos de avaliación de impacto ambiental.

Paneis solares

Outra das dúbidas que se resolven con esta guía é a da epígrafe sobre as instalacións para a produción de enerxía eléctrica a partir de enerxía solar, aclarando que só se teñen que someter a este trámite as instalacións de máis de cinco hectáreas non instaladas sobre cubertas ou tellados (que quedan eximidas) ou aquelas que, non acadando as cinco hectáreas, cumplan certos criterios recollidos no anexo III da lei.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Mentres, en relación coa referencia á industria enerxética que aparece no anexo II da normativa sobre a produción de electricidade, vapor ou auga quente, o Executivo galego aclara que esa epígrafe é aplicable exclusivamente aos proxectos desenvolvidos por empresas enerxéticas, e quedan excluídos aqueles impulsados por firmas cuxa actividade principal non estea encadrada nese grupo.

Deste xeito, queda claro que calquera empresa non enerxética que queira dotarse dun equipamento de produción de electricidade, vapor ou auga quente (como unha pequena caldeira auxiliar para dar servizo a vestiarios ou similares) non estaría obrigada a someter esa actuación á avaliación de impacto ambiental ao ser unha cuestión auxiliar.

Cabanas turísticas

Outra das cuestións abordadas ten que ver co sector turístico e coa proliferación de novas tipoloxías de aloxamentos, como cabanas ou *bungalows*. A Xunta deixa claro que, por analogía cos campamentos tradicionais de tendas, estas instalacións deben someterse á avaliación de impacto ambiental. Ademais, diferéncios ben dos complexos hoteleiros e urbanizacións turísticas, que figuran noutra epígrafe.

Esta decisión vai en consonancia coa lexislación galega en materia de turismo, que na definición de «campamentos permanentes para tendas de campaña ou caravanas» inclúe calquera outro elemento transportable que cumpra o mesmo fin, así como outras instalacións estables destinadas ao aloxamento temporal, como cabanas, *bungalows* ou similares, sempre que se desenvolvan fóra de zonas urbanas. Deste xeito resólvese unha dúbida recorrente dos promotores e dos órganos substantivos e dáselles seguridade xurídica á hora de promover e autorizar, respectivamente, este tipo de proxectos.

En definitiva, esta guía interpretativa aclara a aplicación da normativa en distintos ámbitos como actuacións de liñas eléctricas, cambios de uso ou funcionalidade do solo, instalacións de produción de enerxía eléctrica a través de enerxía solar, proxectos de infraestruturas e urbanizacións, campamentos e complexos turísticos, a industria enerxética, así como de distintas actividades relacionadas coa industria alimentaria.

Este documento clarificador enmárcase no compromiso da Xunta de apostar pola axilización e simplificación dos procedementos administrativos en xeral e ambientais en particular, xa que a guía elevará a eficiencia ao aforrar consultas dos órganos substantivos ao órgano ambiental e permitirá que os procedementos de avaliación ambiental poidan iniciarse con máis rapidez desde o momento de presentación das solicitudes, eliminando trabas innecesarias sen modificar o sentido da normativa básica estatal e velando en todo momento pola protección do ambiente.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INCREMENTA A COLABORACIÓN COA ONCE PARA ATENDER MÁIS DE 300 ALUMNOS CON DISCAPACIDADE VISUAL

O Consello da Xunta aproba a renovación do convenio, dotado con case 350.000 €, para apoiar estudantes galegos con cegueira ou deficiencia visual grave grazas a un equipo de profesionais especializados

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á renovación do convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Organización Nacional de Cegos Españoles (ONCE) co obxectivo de mellorar a atención ao alumnado con discapacidade visual na Comunidade galega. A través deste acordo, que ascende a 346.444 euros, a Xunta reforza o seu compromiso coa inclusión educativa, cun incremento do investimento respecto ao convenio anterior. Esta colaboración permitirá dar apoio no vindeiro curso a 308 estudantes escolarizados en centros de ensino regrado mediante a intervención dun equipo especializado que traballará en coordinación cos centros e coas familias.

No marco deste convenio, sete docentes especializados prestarán atención directa ao alumnado con cegueira ou deficiencia visual grave nas catro provincias galegas. A distribución será a seguinte: tres mestres na provincia da Coruña (dous na cidade herculina e un en Santiago de Compostela), un en Lugo, un en Ourense e dous na provincia de Pontevedra (repartidos entre as cidades de Vigo e Pontevedra). Estes profesionais, pertencentes ao corpo de mestres, prestarán apoio en réxime itinerante a estudantes de primaria, 1º e 2º da ESO, así como a alumnado matriculado en centros ou unidades de educación especial.

A través deste convenio, a Consellería comprométese a dotar os centros escolares dos materiais e recursos necesarios para garantir a plena inclusión do alumnado cego ou con discapacidade visual. Isto inclúe promover as medidas necesarias para que os centros educativos faciliten, antes da finalización do curso escolar, a listaxe de libros e materiais curriculares destinados ao alumnado obxecto do presente convenio, co fin de efectuar a súa adaptación (transcrición ao sistema *braille*, gravación, etc.).

Pola súa banda, a ONCE ofrecerá o seu apoio técnico e material, poñendo ao dispor das familias os seus centros especializados e establecendo axudas económicas para cubrir necesidades educativas específicas. Ademais, asumirá a formación do profesorado e impulsará actividades de sensibilización nos centros para dar a coñecer a realidade das persoas con discapacidade visual.

Este acordo revalida a aposta da Xunta por unha escola inclusiva na cal se dean respostas axeitadas á diversidade do alumnado. Galicia é, hoxe, a comunidade con maior inclusión do Estado, cun 93 % do alumnado con necesidades educativas especiais escolarizado en centros ordinarios, oito puntos por riba da media nacional (85,2 %). É un modelo consolidado que se apoia no traballo diario de case 5.000 profesionais dedicados á atención á diversidade. Desta maneira, a Consellería de Educación, a través da Estratexia de inclusión educativa 2030, continuará promovendo un diálogo aberto e construtivo coas familias, entidades sociais e colectivos implicados, co obxectivo de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

seguir avanzando cara a unha escola cada vez máis inclusiva, equitativa e comprometida co benestar de todo o alumnado.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LANZA O PROGRAMA ACTIVA I+G+I CUN INVESTIMENTO DE CASE 53 M€ PARA FOMENTAR A TRANSFERENCIA

- Rueda anuncia a posta en marcha do primeiro programa de axudas ao abeiro do Plan galego de investigación e innovación 2025-2027
- Destaca que a previsión é mobilizar “máis de 100 M€” grazas a estas achegas
- A Axencia Galega de Innovación publicará as convocatorias Nexos por 28 M€, unidades mixtas de investigación por 12 M€, fortalecemento de centros tecnolóxicos por 9,75 M€ e recuperación da excelencia Neotec por 3 M€

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou de que o Consello deu luz verde hoxe a destinar 53 millóns de euros á convocatoria das primeiras axudas enmarcadas no Plan galego de investigación e innovación 2025-2027 que buscan “impulsar a transferencia de coñecemento” e potenciar unha I+D+i colaborativa. “É fundamental que os resultados da investigación se transformen nunha transferencia á vida económica que lles de utilidade e rentabilidade”, sinalou.

Rueda lembrou que o novo Plan de investigación está dotado “de máis de 1.300 millóns de euros” e que a previsión co programa de axudas Activa I+G+i hoxe aprobado é “lograr unha mobilización público-privada de máis de 100 millóns”.

Este primeiro programa, cofinanciado pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, está composto pola convocatoria Nexos cunha achega de 28 M€, a convocatoria de unidades mixtas de investigación cun orzamento de 12 M€, a convocatoria de fortalecemento de centros tecnolóxicos con 9,75 M€ e a de recuperación da excelencia Neotec con 3 M€.

Unha nova liña: Nexos

En concreto, tal e como explicou Rueda, a convocatoria Nexos —a máis alta da historia para convocatorias destas características con 28 M€— busca incrementar a capacidade científico-técnica do tecido empresarial galego en ámbitos estratéxicos fomentando a cooperación público-privada para que “pemes e centros de coñecemento colaboren en proxectos de I+D+i”. A convocatoria, que dura catro anualidades ata 2028, prevé chegar a 50 proxectos e 200 beneficiarios e, así, mobilizar preto de 47 M€.

Entre as novidades desta convocatoria novidosa destaca a priorización dun número reducido de ámbitos temáticos e a incorporación de custos simplificados na xustificación das axudas. Con esta nova convocatoria o Goberno galego quere continuar impulsando o vínculo entre empresas e centros tecnolóxicos para reforzar a transferencia de coñecemento e fortalecer o eido científico en Galicia en beneficio da sociedade.

12 M€ para as unidades mixtas

Outra das liñas de axuda do programa Activa I+G+i é a convocatoria de unidades mixtas de investigación. A Consellería de Ciencia destina a súa oitava edición un total de 12 M€ en tres fases: creación de novas unidades mixtas, consolidación das creadas en 2020 e 2022 e creación e consolidación de centros mixtos de investigación. Entre as novidades

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

deste ano destaca que a agrupación que se presente á convocatoria debe contar polo menos cunha pequena ou mediana empresa. A Xunta agarda unha mobilización que chegue a 30 M€ co foco posto en desenvolver iniciativas colaborativas mediante a creación de consorcios estratéxicos entre as universidades e os centros de innovación tecnolóxicos coas empresas.

Coa posta en marcha desta iniciativa no ano 2014, o programa permitiu apoiar un total de 54 unidades mixtas –39 novas, 12 de consolidación e tres centros mixtos de investigación– nas cales participaron 39 empresas e 14 centros de coñecemento galegos, o que deu emprego a preto de 830 profesionais e mobilizou máis de 152 M€. Exemplos desta iniciativa son o Centro Mixto de investigación UDC- Navantia O estaleiro do futuro ou o Centro Mixto CIGAT Circular de Viaqua – Cetaqua, entre outros. O primeiro logrou incorporar a innovación a xeración de fragatas F-110 o que posibilita a mellora na seguridade dos buques e a redución de custos operativos, entre moitas outras vantaxes. O segundo, por exemplo, traballa na mellora da sustentabilidade e a eficiencia do ciclo da auga na EDAR de Ourense co obxectivo de reintroducir residuos de orixe industrial, urbano, agrícola e rural na cadea produtiva.

Centros tecnolóxicos

No que respecta á convocatoria de fortalecemento de centros tecnolóxicos, Rueda resaltou que a Xunta apoia a estas entidades mediante investimentos “para a creación e mellora de infraestruturas de investigación e tecnolóxicas”. Cun orzamento de 9,75 M€, distribuído en catro anualidades (ata 2028), agárdase unha mobilización público-privada de 19,5 M€.

Como novidade, este ano os centros que acollen equipamentos financiados na convocatoria anterior poderán financiar este ano obras neses espazos sen necesidade de adquirir novo equipamento na solicitude. A convocatoria de 2025 é a cuarta edición desta liña de axudas, que apoiou nas tres edicións anteriores un total de 19 proxectos cun investimento de case 20 M€.

Rescate de proxectos sen apoio estatal

Por último, a convocatoria de recuperación da excelencia Neotec é un instrumento que permite financiar aquelas empresas con base tecnolóxica que superaron os limiares mínimos establecidos na convocatoria estatal Neotec do Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico e a Innovación (CDTI), pero que non obtiveron financiamento por esta vía. Isto rescata iniciativas que, doutro xeito, non terían viabilidade para avanzar.

Esta axuda, “que terá un orzamento de 3 M€” e conta con acadar os 5 M€ mobilizados, prevé apoiar 10 proxectos, que se sumarán aos 28 proxectos apoiados desde 2021 con máis de 7 M€. Como novidade este ano, a convocatoria é en réxime de concorrência non competitiva, polo que non haberá un proceso de avaliación dos proxectos e as subvencións concederanse por orde de entrada.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 6,5 M€ Á CONTRATACIÓN DO TRANSPORTE ADAPTADO PARA USUARIOS DOS CENTROS DE DÍA DO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR

- Este procedemento diríxese a 50 centros da rede pública autonómica e terá unha duración inicial dun ano
- O servizo desenvolverase con 85 vehículos, sete máis en comparación coa anterior licitación

O Consello da Xunta autorizou esta mañá o expediente de contratación do servizo de transporte adaptado para persoas usuarias de centros de día públicos do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar. O número de centros aos cales se dirixe este contrato son 50, agrupados en 15 lotes por proximidade xeográfica.

O procedemento de licitación é aberto. A duración inicial do contrato será dun ano desde a súa sinatura e será prorrogable por períodos máximos dun ano ata acadar unha duración máxima de catro. Así mesmo, o valor estimado do contrato, tendo en conta a duración máxima e as eventuais prórrogas, é de 31,4 millóns de euros.

A principal novidade é que se aumenta en sete vehículos a prestación do servizo en comparación coa anterior licitación, para sumar un total de 85. Deste xeito, refórzase este servizo complementario á atención que se presta nos centros de día da rede pública do Consorcio.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA A AMPLIACIÓN DO PARQUE EMPRESARIAL DA CAMBA NO MUNICIPIO LUCENSE DE XOVE, QUE DUPLICARÁ A SÚA SUPERFICIE ATA ROLDAR OS 200.000 METROS CADRADOS

O Goberno galego toma razón da aprobación inicial do Plan Estruturante de Solo Empresarial (PEOSE), que suporá dotar esta infraestrutura de 93.663 metros cadrados máis de solo de uso industrial, cun investimento de 3,8 millóns de euros

O Consello da Xunta deu conta na súa sesión semanal dos trámites que permitirán ampliar a superficie do parque empresarial da Camba, no municipio lucense de Xove, ata alcanzar os 200.000 metros cadrados. O Goberno galego atende así a demanda desta comarca da Mariña de contar con máis solo empresarial para impulsar a implantación de novas industrias ou que as existentes poidan incrementar as súas capacidades produtivas.

O proxecto de ampliación, promovido por Xestión do Solo de Galicia (Xestur), no marco do Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia, arranca coa aprobación inicial do Plan estruturante de solo empresarial (PEOSE), do cal se tomou razón esta mañá no Consello. Abrangue unha superficie total de 93.663 metros cadrados, dos cales 88.238 se corresponden co ámbito da ampliación do parque empresarial e 5.425 metros cadrados son terreos adscritos para conexións. O investimento previsto para levar a cabo as actuacións ascende a máis de 3,8 millóns de euros.

Na actualidade, o Parque Empresarial de Xove, impulsado pola Administración galega en 1999, conta cunha superficie de 103.122 metros cadrados e 59 parcelas útiles vendidas na súa totalidade. Coa nova ampliación, este parque empresarial duplicará o espazo dispoñible, ata roldar os 200.000 metros cadrados.

A actuación que se está a desenvolver neste parque empresarial enmárcase na estratexia da Xunta de Galicia de crear un tecido empresarial forte e competitivo, dotándoo de máis solo empresarial e coa base nun modelo de desenvolvemento industrial ordenado, eficiente e respectuoso co ambiente, que atraia investimentos, favoreza a creación de emprego e garanta o equilibrio territorial. No caso da provincia de Lugo, súmase a outras actuacións en marcha, como son o PEOSE do Corgo ou as ampliacións dos parques empresariais de Palas de Rei, Meira e As Gándaras en Lugo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN POR 9,3 M€ DAS OBRAS PARA CONSTRUIR 56 VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA EN VALDECORVOS, PONTEVEDRA

- Habilitaranse tres bloques independentes de catro plantas de altura na parcela P-14 do polígono B1 de Valdecorvos, que conta con 3.201 m² de superficie
- Os traballos para construír as vivendas terán un prazo de execución de 18 meses

O Consello da Xunta acaba de dar luz verde á licitación das obras para construír 56 vivendas na parcela P-14 no barrio pontevedrés de Valdecorvos, por un importe de 9,3 M€.

As vivendas públicas construíranse na parcela P-14 do polígono B1 de Valdecorvos, que conta con 3.201 m² de superficie. En concreto, estas 56 VPP distribuíranse en tres bloques independentes de catro plantas de altura e baixo cuberta, ademais de garaxes, rochos e locais. As obras terán un prazo de execución de 18 meses.

En Valdecorvos, a Xunta ten en marcha na actualidade 236 vivendas de promoción pública. Delas, 74 están en construción e xa se efectuou o sorteo para a súa adxudicación provisional, ás cales hai que sumar estas 56 cuxas obras se autorizan hoxe e outras 48 cuxa construción se licitará tamén proximamente na P17.

Así mesmo, está adxudicada a redacción dos proxectos para converter 4 baixos en vivendas, ao cal se suma a licitación da redacción do proxecto para 54 vivendas na parcela P19.

A maiores, a Xunta ten licitada a redacción do proxecto para construír outras 53 vivendas públicas na parcela de Tafisa cedida polo Concello, así como tamén a redacción do proxecto para outras 11 vivendas na parcela das Devesas, igualmente cedida pola Administración local.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA UN INVESTIMENTO DE PRETO DE 3 M€ PARA ADQUIRIR DISPOSITIVOS DE ASISTENCIA VENTRICULAR

- O número de unidades que se mercarán é de 32, tendo en conta a estimación de necesidades destes dispositivos por áreas sanitarias
- Trátase da segunda compra centralizada que a Xunta fai deste tipo de material, logo da realizada no ano 2023
- O contrato ten unha vixencia inicial de dous anos e prevé unha posible prórroga por dous máis, e acada, neste caso, un valor estimado de máis de 6,4 millóns de euros

O Executivo galego autorizou a contratación, por un importe de 2.944.000 euros, mediante acordo marco cunha única empresa, da subministración de dispositivos de asistencia ventricular esquerda implantable de longa duración con destino ás áreas sanitarias da Coruña e Cee, de Santiago de Compostela e Barbanza e de Vigo.

O contrato ten unha vixencia inicial de dous anos e prevé unha posible prórroga por dous anos máis, e acada, neste caso, un valor estimado de 6.476.800 euros.

O número de unidades que se mercarán no marco deste contrato é de 32, tendo en conta a estimación de necesidades feita sobre a base dun informe de consumos estimados por áreas sanitarias durante o período de marzo de 2023 a abril de 2025.

Esta é a segunda compra centralizada que a Xunta fai deste tipo de material, logo da realizada no ano 2023.

Os dispositivos de asistencia ventricular de longa duración son bombas mecánicas implantadas en pacientes con insuficiencia cardíaca avanzada para axudar o corazón a bombear sangue ao resto do corpo. Son utilizados como alternativa terapéutica ao transplante cardíaco e poden, nalgúns casos, ser definitivos e evitar o transplante.

Estes dispositivos axudan o corazón a transportar sangue oxixenada do ventrículo esquerdo á aorta ascendente e, en consecuencia, ao resto do corpo, de xeito que funcione paralelo ao fluxo nativo do corazón e ambos poidan bombear sangue á aorta.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 990.000 € A SUBVENCIONAR PROXECTOS DE SAÚDE PÚBLICA NO CAMPO DO VIH/SIDA E OUTRAS INFECCIÓN DE TRANSMISIÓN SEXUAL

- Incrementábase o orzamento da orde de axudas en preto de 90.000 euros con respecto da anterior
- Amplíase, tamén, o número de proxectos que se poden subvencionar
- Desde 2004 a tendencia de novos casos de infección polo VIH en Galicia é descendente e está moi por debaixo da media estatal
- En 2023, concretamente, o número de casos por 100.000 habitantes caeu ata os 4,3, mentres que a media de España foi de 7,4 casos

O Goberno galego destinará 990.426 euros para subvencionar proxectos de saúde pública no campo do VIH/sida e outras infeccións de transmisión sexual realizados na Comunidade por entidades sen ánimo de lucro.

O Consello da Xunta autorizou a Consellería de Sanidade para a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual para a orde pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan subvencións para estes proxectos no eido das infeccións de transmisión sexual.

A Consellería de Sanidade publica esta orde de axudas desde o ano 1995 e incrementa o seu importe con respecto a anteriores convocatorias.

Coa orde actual auméntase a contía en preto de 90.000 euros con respecto da anterior. Tamén se amplía ata 12 o número de proxectos que se poderán subvencionar.

A infección polo virus de inmunodeficiencia humana (VIH) e a síndrome de inmunodeficiencia adquirida (sida) constitúen un problema sociosanitario de primeira magnitude a nivel mundial. En Galicia rexistráronse melloras nos últimos anos, pero é preciso continuar co impulso das accións de saúde pública encamiñadas a facer fronte a este problema.

O programa de axudas está destinado a apoiar proxectos de entidades privadas sen ánimo de lucro que participan, xunto coa Consellería de Sanidade, no esforzo global antiVIH/sida. Deste xeito, achegárase financiamento a proxectos priorizados de acción de saúde pública que realizan estas entidades neste campo. Trátase de proxectos dirixidos a colectivos vulnerables, principalmente, persoas mozas, colectivo LGTBI ou persoas na contorna da prostitución, entre outras.

Diagnóstico e tratamento precoces

O financiamento dos proxectos subvencionados favorece o achegamento aos servizos sanitarios e sociais públicos das persoas con prácticas de risco para a transmisión do VIH e doutras infeccións de transmisión sexual e que teñen dificultades de acceso a estes servizos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Este achegamento posibilita o diagnóstico e tratamento precoces, o que redunda nunha maior calidade e esperanza de vida das persoas afectadas, na redución dos custos sanitarios do tratamento e seguimento médico destas persoas e, ademais, no mellor control do posible espallamento destas infeccións na sociedade galega.

As entidades privadas sen ánimo de lucro colaboran coa Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade participando na difusión de información preventiva do VIH e outras infeccións de transmisión sexual; na promoción do uso do preservativo mediante a súa distribución gratuíta; en actividades para favorecer o acceso ao sistema sanitario e social das persoas con VIH en situación de marxinación social; na información e realización das probas rápidas e anónimas de VIH, ou en actividades sociosanitarias como a atención a domicilio, atención ás persoas coidadoras, etc.

En Galicia rexistráronse 3.385 casos de persoas infectadas polo VIH entre os anos 2004 e 2023, cunha media de 169 infeccións anuais, o que representa unha incidencia anual de 6,15 casos por 100.000 habitantes (por debaixo da incidencia do conxunto de comunidades autónomas, que foi de 9,6 casos).

A partir de 2012 en Galicia obsérvase unha clara diminución de casos de infección. En 2023, concretamente, o número de casos novos por 100.000 habitantes caeu ata os 4,3 mentres que no conxunto de España foi de 7,4.

Con esta orde de axudas, o Goberno galego incide no seu compromiso coa eliminación do VIH no ano 2030 e tamén coa mellora da calidade de vida dos pacientes.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA RENOVA A SÚA COLABORACIÓN COA FEGAMP PARA REALIZAR PROGRAMAS DE ATENCIÓN E PROTECCIÓN DA SAÚDE EN RELACIÓN COAS ADICCIÓNS

- En virtude desta colaboración, o Executivo galego destina máis de 4 M€ para a atención sanitaria dos trastornos adictivos
- A intervención da asistencia sanitaria farase por medio das unidades asistenciais de drogodependencias e unidades de día de titularidade municipal
- Os dispositivos sanitarios dos concellos incluídos no ámbito de aplicación desta colaboración cumprirán as directrices e instrucións de coordinación e programación establecidas polo departamento sanitario galego
- Ao abeiro deste convenio, as unidades asistenciais de drogodependencias atenderon no ano pasado 7.177 pacientes
- A Xunta e a Fegamp están a avanzar no proceso de integración das unidades de atención á drogodependencia de titularidade municipal no Servizo Galego de Saúde
- Esta integración permitirá optimizar os recursos e ofrecer unha atención máis integral e coordinada a estes colectivos

O Goberno galego autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) para realizar programas de atención e protección da saúde no eido das adicciós. En virtude deste acordo a Xunta achegará 4.022.800 euros para o financiamento das actuacións e programas que realicen as unidades de drogodependencia e de día de titularidade municipal.

Así, o obxecto deste convenio que agora se renova establece as condicións que rexen a relación entre a Xunta, a Fegamp e os concellos que se adhiran e acepten as bases que regulan o financiamento e o desenvolvemento de programas de axudas para unidades asistenciais de drogodependencias e unidades de día.

Con este acordo, o Executivo galego dá continuidade aos servizos que xestionan as entidades locais no relativo a prestacións de atención sanitaria aos trastornos adictivos existentes en cada unha delas e fortalece unha asistencia sanitaria accesible e de calidade, fomentando a promoción da saúde e ampliando as medidas para evitar ou diminuír o consumo de substancias prexudiciais para a poboación galega.

Tal e como se recolle no convenio, a Fegamp, como entidade colaboradora e representante única de todos os concellos que dispoñen de servizos de atención sanitaria de trastornos adictivos, recibirá os fondos da Xunta e será a encargada de transferírllelos aos municipios.

Con este convenio tamén se dá continuidade á implicación das entidades locais na prestación de servizos esenciais para un sector da poboación que padece trastornos

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

adictivos, mantendo a proximidade das persoas usuarias a este tipo de servizos terapéuticos e facilitando a atención a través de dispositivos de carácter municipal ou comarcal.

Funcións que se realizarán

A intervención de asistencia sanitaria e atención aos trastornos adictivos, que se fará a través das unidades asistenciais de drogodependencias e as unidades de día, comprenderá, entre outras funcións, as de indicación ou prescrición e procedementos diagnósticos e terapéuticos; atencións de saúde mental e a asistencia psiquiátrica e psicolóxica; rehabilitación en pacientes con déficit funcional recuperable; a educación para a saúde no seu ámbito de actuación; a participación nos sistemas de vixilancia e información; a participación na docencia, a formación continuada e a investigación, así como a realización das prestacións sociosanitarias que correspondan con este nivel de asistencia, en coordinación co sistema de servizos sociais, e a participación nas accións de coordinación cos centros de atención primaria.

Os dispositivos sanitarios dos concellos incluídos no ámbito de aplicación deste convenio cumprirán as directrices e instrucións de coordinación e programación establecidas pola Consellería de Sanidade e polo Servizo Galego de Saúde.

Ao abeiro deste convenio, as trece unidades asistenciais de drogodependencias de titularidade municipal atenderon no pasado ano 7.177 pacientes, dos cales 5.688 son homes e 1.489 mulleres.

A Xunta e a Fegamp están a avanzar no proceso de integración das unidades de atención á drogodependencia de titularidade municipal no Servizo Galego de Saúde.

Esta integración permitirá optimizar os recursos dispoñibles e ofrecer unha atención máis integral e coordinada a estes colectivos.

Entre tanto, o convenio para o financiamento da asistencia sanitaria nos centros de atención á drogodependencia formalízase entre a Xunta e a Fegamp, que é a que distribúe os recursos entre as diferentes unidades.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REFORZARÁ O CONTROL SANITARIO DA PRODUCCIÓN E COMERCIALIZACIÓN DE ALIMENTOS EN TOLDOS, POSTOS E VEHÍCULOS DE VENDA AMBULANTES

- O Goberno galego remítelle ao Consello Consultivo o proxecto de Decreto que regula o Rexistro Galego Sanitario de Empresas e Establecementos Alimentarios e establece os requisitos de hixiene na produción e comercialización para determinados establecementos
- O Rexistro Galego Sanitario de Empresas e Establecementos Alimentarios ten como finalidade a protección da saúde pública e dos intereses dos consumidores, facilitando o control

A Xunta actualizará o catálogo de actividades recollidas no Rexistro Galego Sanitario de Empresas e Establecementos Alimentarios (Regasa), incorporando á definición de establecemento de comercio polo miúdo os locais ambulantes ou provisionais, como é o caso dos toldos, postos e vehículos de venda ambulantes, os almacéns de apoio e as instalacións en que, con carácter principal, se realizan operacións de venda á persoa consumidora final.

Na súa reunión semanal, o Consello da Xunta acordou a remisión ao Consello Consultivo, como paso previo á súa aprobación definitiva, do proxecto de decreto polo que se regula o Rexistro Sanitario de Empresas e Establecementos Alimentarios e se establecen os requisitos de hixiene na produción e comercialización para determinados establecementos.

Este proxecto de decreto da Xunta traslada á regulación autonómica o disposto no Real decreto 1021/2022, do 13 de decembro, á vez que facilita a relación das persoas administradas coa propia Administración, a través da actualización dos procedementos de declaración responsable para o inicio da actividade no comercio polo miúdo.

Cómpre remarcar que o Rexistro Galego Sanitario de Empresas e Establecementos Alimentarios ten como finalidade a protección da saúde pública e dos intereses dos consumidores, facilitando o control oficial das empresas, locais e establecementos sometidos a inscrición.

Os establecementos sometidos a inscrición son aqueles que exercen a súa actividade comercial en Galicia cando esa actividade consista en manipular, preparar, elaborar ou transformar, almacenar ou servir alimentos para a súa venda ou entrega á persoa consumidora final ou a unha colectividade, *in situ* ou a distancia, con ou sen repartición a domicilio.

Catro capítulos e 16 artigos

O texto do proxecto de decreto componse de catro capítulos e 16 artigos. O primeiro capítulo contén disposicións xerais relativas ao seu obxecto. O segundo refírese ao Rexistro Galego Sanitario de Empresas e Establecementos Sanitarios e ao procedemento

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de inscrición, modificación e cesamento da actividade. O terceiro aborda as condicións de comercialización e o cuarto recolle o réxime sancionador.

O proxecto de decreto establece condicións específicas para subministrar alimentos de produción propia e produtos de orixe animal entre establecementos de comercio polo miúdo, así como as condicións de comercialización de alimentos preparados en locais utilizados como vivenda privada e os requisitos para os almacéns de apoio dos establecementos de venda polo miúdo.

No procedemento de notificación de inicio de actividade recollido neste proxecto de decreto establécese o contido mínimo da declaración responsable que, para os efectos de inscrición da actividade no rexistro autonómico, debe presentar ante a autoridade competente o operador que elabora alimentos en locais utilizados principalmente como vivenda privada.

Así mesmo, establece un réxime sancionador específico para as infraccións relacionadas coa obriga de comunicación con carácter previo ao comezo das actividades.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COMPROMÉTESE COA CONSERVACIÓN DOS VIDEOXOGOS COMO PARTE DO PATRIMONIO AUDIOVISUAL GALEGO

- O Consello aproba a sinatura dun convenio entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Fundación Museo do Videoxogo para este labor
- O acordo é garante da identificación, difusión e preservación da produción destas pezas na Comunidade
- O obxectivo é cumprir coa lexislación de depósito legal, para o que a Biblioteca de Galicia é o centro depositario de referencia no territorio

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á sinatura dun convenio entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Fundación Museo do Videoxogo para a identificación, difusión e preservación do patrimonio vencellado a este eido en Galicia, na liña do seu compromiso coa protección e divulgación da cultura.

Deste xeito, a través deste acordo, o Goberno galego fai unha achega de 10.200 € destinada a poñer en marcha un programa que sexa garante da correcta identificación e conservación dos videoxogos producidos na Comunidade. Ademais, o obxectivo é cumprir coa lexislación de depósito legal, para o que a Biblioteca de Galicia é o centro depositario de referencia no territorio.

Así, no senso de reivindicar este tipo de creación como unha forma de cultura e de arte, parte do patrimonio audiovisual de Galicia, desde a Xunta considérase que a maneira máis axeitada de salvagardar este legado é a través da Fundación Museo do Videoxogo, dado que o seu equipo é un dos maiores coñecedores da produción do sistema galego, incluíndo empresas ou ilustradores, entre outros. Por este motivo, sostense que é fundamental a colaboración coa Biblioteca de Galicia para a descrición dos videoxogos susceptibles de estar baixo a lexislación do depósito legal.

As actuacións previstas ao abeiro deste convenio artellaranse con base en varias necesidades. En primeiro lugar, levarase a cabo unha actualización da situación actual da industria do videoxogo en Galicia, coa correspondente elaboración dunha base de datos na cal se reflectan todos os axentes vencellados a este ecosistema. A isto engadiráselle a creación dun directorio de títulos de pezas creadas por empresas con sede social na Comunidade.

Na seguinte fase, faráselles chegar aos axentes produtores a información sobre a obrigatoriedade do depósito legal para este tipo de publicacións e aos centros conservadores a importancia da súa responsabilidade para identificalos e conservalos para as xeracións futuras. Neste senso, requirirase unha descrición bibliográfica o máis detallada posible dos videoxogos identificados para a súa incorporación ao Catálogo da Rede de bibliotecas públicas de Galicia. Outra das liñas recollidas neste acordo consiste en Identificar as necesidades tecnolóxicas para garantir a preservación destes materiais en soporte non tanxible e a non obsolescencia dos editados en soporte físico.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Para terminar, inclúese un punto referido á difusión do valor dos videoxogos como parte do patrimonio audiovisual galego mediante unha mostra bibliográfica na Biblioteca de Galicia sobre a súa historia.

O depósito legal

A actual lexislación establece que son obxecto de depósito legal todas as obras bibliográficas, sonoras, visuais, audiovisuais e dixitais producidas ou editadas en España por calquera procedemento de produción, edición ou difusión e distribuídas en calquera soporte, tanxible ou intanxible. Neste contexto, a Lei 23/2011, do 29 de xullo, de depósito legal, constatou como imprescindible que o patrimonio cultural e intelectual que protexe tiña que verse ampliado ao que se publica e difunde en soporte intanxible, como as páxinas web ou os libros electrónicos, respondendo así ás novas formas de transmisión da cultura.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LANZA OS NOVOS PROGRAMAS INTEGRADOS DE EMPREGO PARA POTENCIAR AS OPORTUNIDADES LABORAIS DE 4.600 PERSOAS E CUBRIR VACANTES DAS EMPRESAS LOCAIS

- O Consello da Xunta autorizou a nova convocatoria desta orde para concellos e entidades sen ánimo de lucro, buscando mellorar a empregabilidade dos usuarios, atender as necesidades do tecido produtivo e dos colectivos prioritarios
- Así, dos preto de 10,3 M€ de investimento, como novidade resérvanse 2 M€ para plans enfocados en persoas desempregadas maiores de 52 anos, complementando a reserva xa existente doutros 2 millóns orientados a mulleres sen traballo
- A orde incorpora tamén criterios de valoración renovados, que primarán, entre outras, propostas que integren tecnoloxías emerxentes e que estean aliñadas cos sectores industriais estratéxicos ou con elevadas taxas de colocación
- Cada programa integrado de emprego terá 100 participantes, dos cales un 35 %, como mínimo, deben ser inseridos no mercado durante a execución do proxecto, que inclúe asesoramento, formación, prospección de oportunidades ou prácticas reais
- Como exemplo, nunha comarca en que predomine o sector loxístico ou alimentario, un concello pode solicitar un PIE centrado na formación en operacións de almacén, carretilla ou atención en caixa, en coordinación coas empresas da contorna

O Consello da Xunta autorizou a nova convocatoria dos programas integrados de emprego (PIE), impulsada pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración cun investimento próximo aos 10,3 M€. A iniciativa, dirixida a concellos e entidades sen ánimo de lucro, busca poñer en marcha 46 proxectos orientados a mellorar as oportunidades laborais de arredor de 4.600 demandantes, cun enfoque integral asentado en tres eixes: fomentar a empregabilidade das persoas participantes —buscando reforzar os datos históricos que ten actualmente Galicia, coa cifra de paro máis baixa desde que hai rexistros—, axustar os proxectos ás necesidades de talento do tecido produtivo de cada contorna e priorizar aqueles colectivos con máis dificultades de acceso ao mercado. De feito, como novidade, resérvanse por primeira vez 2 millóns de euros para plans enfocados en persoas maiores de 52 anos, que se suman á reserva xa existente doutros 2 millóns orientados a mellorar as oportunidades de inserción das mulleres.

Ao abeiro destes programas, as persoas participantes reciben formación, asesoramento personalizado e acompañamento coa finalidade de garantir que, como mínimo, o 35 % acceda a un emprego. A convocatoria incorpora tamén criterios de valoración renovados que apostan, entre outras, por propostas que integren tecnoloxías emerxentes como a intelixencia artificial ou o *Big Data*, e que estean aliñadas cos sectores industriais estratéxicos —metalmecánico, automoción, naval, forestal-madeira, TIC, loxística, construción ou comercio— ou con altas taxas de colocación, entre elas, servizos socioculturais, sanidade, hostalaría ou ambiente. Por exemplo, nunha comarca en que se detecten demandas de persoal e perspectivas de crecemento no eido loxístico ou da

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

cadea de alimentación, unha entidade local pode solicitar un PIE centrado na formación en operacións de almacén, carretilla, atención en caixa ou manipulación de alimentos en coordinación coas empresas da contorna.

Desde 2009, máis de 60.000 persoas tomaron parte nalgún dos programas integrados promovidos pola Xunta, que leva investidos máis de 118 M€ neste instrumento. A convocatoria complétase con outras medidas activas como a orde de accións formativas para persoas desempregadas (AFD), dotada con 50 M€ e redeseñada para dar unha resposta máis áxil e eficaz ás necesidades reais do tecido produtivo galego.

Como funcionan os PIE

Os programas integrados de emprego están concibidos como proxectos integrais, con actividades de orientación e asesoramento personalizado, formación en especialidades recoñecidas polo Servizo Público de Emprego Estatal, técnicas de motivación, desenvolvemento de habilidades sociolaborais ou obradoiros para preparación de entrevistas. Tamén se fomenta o contacto co tecido empresarial, a prospección de oportunidades laborais e a posibilidade de prácticas profesionais non laborais. Cada proxecto contará cun equipo técnico especializado, cuxos custos salariais e de Seguridade Social serán subvencionados. Así mesmo, cubriranse os gastos derivados de desprazamentos, materiais, subcontratación de formación, así como bolsas de asistencia de 10 euros por día para cada participante e a amortización de equipamento formativo, todo conforme os límites establecidos na convocatoria.

Detalles da convocatoria

O orzamento —financiado con fondos finalistas do Servizo Público de Emprego Estatal— distribuirase entre 2025 e 2026, cunha previsión de 4 M€ destinados a entidades locais e 6.268.000 euros a organizacións sen ánimo de lucro. No ámbito local, poderán optar aos apoios —cun máximo de 220.000 euros— concellos, mancomunidades, entidades públicas dependentes de administracións municipais ou agrupacións de municipios limítrofes ou da mesma comarca. Cada proxecto beneficiará 100 persoas inscritas como demandantes no Servizo Público de Emprego de Galicia, mantendo o foco nos colectivos prioritarios, como persoas con discapacidade, en risco de exclusión social, mulleres vítimas de violencia de xénero, migrantes con autorización de residencia temporal por arraigo socioformativo, maiores de 52 anos, menores de 30, persoas afectadas por expedientes de regulación de emprego, mulleres sen traballo, desempregados de longa duración ou inmigrantes. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), previsto para este xoves 17 de xullo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REFORZA A SÚA APOSTA POLO FOMENTO DA UTILIZACIÓN DA MAQUINARIA AGRÍCOLA EN RÉXIME ASOCIATIVO CUNHA SEGUNDA CONVOCATORIA DE AXUDAS NESTE 2025

- O Consello da Xunta tomou hoxe razón dun informe sobre estas achegas, que están dotadas cun orzamento inicial de 400.000 euros, con posibilidade de amplialo ata os 3,2 millóns en función das necesidades
- Coas ditas subvencións, a Consellería do Medio Rural potencia o asociacionismo e a mellora da eficiencia tecnolóxica e económica das explotacións agrarias
- Desde o ano 2015 aprobáronse máis de 430 expedientes destas axudas, cun investimento de 41,2 millóns de euros e unha achega media duns 95.000 euros por cada beneficiario

A Xunta mantén a súa aposta polo fomento da utilización da maquinaria agrícola en réxime asociativo e, por iso, levarase a cabo unha nova convocatoria destas achegas cun orzamento inicial de 400.000 euros, con posibilidade de ampliación ata os 3,2 millóns de euros no caso de ser preciso, financiados ao 100 % con fondos do Instrumento de recuperación da unión europea (EURI), no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020.

Así, o Consello da Xunta, na súa reunión de hoxe, tomou razón dun informe sobre estas achegas, que se publicarán ao longo deste mes no *Diario Oficial de Galicia* (DOG). Esta convocatoria é unha segunda edición neste mesmo ano, o que amosa a aposta do Goberno galego por esta liña de axudas.

O obxectivo desta convocatoria é promover a utilización de maquinaria e equipamentos de carácter agropecuario en réxime asociativo e fomentar a introdución de novas tecnoloxías no seu emprego. Ademais, tamén permite racionalizar os custos de mecanización no seu emprego, incrementar a seguridade, reducir as emisións contaminantes e fomentar o aforro enerxético.

As axudas están dirixidas a cooperativas e sociedades agrarias de transformación (SAT), que poderán financiar todo tipo de maquinaria de uso común, sempre que supoñan unha redución de custos de produción ou incrementen a súa produtividade. Tamén se consideran financiáveis os estudos técnico-económicos de viabilidade da operación.

Desde o ano 2015 aprobáronse máis de 430 expedientes destas axudas, cun investimento de 41,2 millóns de euros e cunha achega media duns 95.000 euros por cada beneficiario. As provincias con maior número de expediente aprobados son A Coruña, co 45 %, e Lugo, co 35 %.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Estas axudas, enmarcadas no PDR 2014-2020, están financiadas co Instrumento de recuperación da Unión Europea (EURI) desde o ano 2020 e prevese a súa continuidade nos vindeiros anos dentro das medidas do Plan estratéxico da PAC (PEPAC).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PORÁ Á DISPOSICIÓN DO SECTOR AGROGANDEIRO PRÉSTAMOS QUE PERMITIRÁN MOBILIZAR MÁIS DE 60 M€

- O instrumento conta cun orzamento total de 6 millóns de euros distribuídos en dúas liñas de achegas diferenciadas
- Este mecanismo pon á disposición do destinatario final a garantía para subscribir préstamos en condicións vantaxosas de financiamento, facilitando o acceso ao crédito de proxectos financeiramente viables, e está deseñado para optimizar a administración e distribución de fondos
- Habilitarase o instrumento para as intervencións vencelladas aos investimentos produtivos en explotacións agrarias vinculadas a contribuír á mitigación-adaptación ao cambio climático, así como para os investimentos en modernización e/ou mellora de explotacións agrarias
- O procedemento de recoñecemento ao dereito a préstamos garantidos tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva, polo que se atenderán as solicitudes segundo a orde de chegada, ata cando haxa orzamento dispoñible

O Consello da Xunta deu hoxe o seu visto e praxe ao proxecto de acordo polo que se toma razón do procedemento para recoñecer o dereito a préstamos de financiamento de investimentos e capital circulante no marco do Plan estratéxico da política agraria común (PEPAC). Este instrumento conta cun orzamento total de 6 millóns de euros, unha contía que permitirá financiar préstamos por un volume potencial total de case 60 millóns de euros.

Trátase dun mecanismo que pon á disposición do destinatario final a garantía para subscribir préstamos en condicións vantaxosas de financiamento, facilitando o acceso ao crédito de proxectos financeiramente viables, e está deseñado para optimizar a administración e distribución dos fondos destinados á agricultura e ao desenvolvemento rural.

Deste xeito, habilitarase este instrumento para as intervencións vencelladas aos investimentos produtivos en explotacións agrarias vinculadas a contribuír á mitigación-adaptación ao cambio climático e ao uso eficiente dos recursos naturais e benestar animal, así como para os investimentos en modernización e/ou mellora de explotacións agrarias.

No primeiro caso, os importes dos préstamos oscilarán entre un mínimo de 30.000 euros e un máximo de 250.000 euros por beneficiario. A liña conta cun orzamento de 1,8 millóns de euros e con ela poderán financiarse accións de mitigación ou adaptación ao cambio climático; investimentos para a xestión dos recursos auga, solo e aire; accións de mellora da eficiencia enerxética e produción de enerxías verdes e aqueles investimentos relacionados co benestar animal e a implementación de medidas de bioseguridade nas explotacións agrarias.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Por outra banda, no que atinxe á modernización e/ou mellora de explotacións, os importes mínimos dos préstamos oscilarán entre os 15.000 euros para capital circulante e os 30.000 euros para investimentos, mentres que os importes máximos serán de 30.000 euros para circulante e de ata medio millón de euros para investimentos por beneficiario. A liña está dotada dun orzamento total de 4,29 millóns de euros. Deste xeito, serán elixibles os investimentos materiais e inmateriais que supoñan unha mellora do rendemento global, a competitividade ou a viabilidade das explotacións, como pode ser a reforma de instalacións, a compra de maquinaria ou a plantación e mellora de cultivos leñosos, entre outros.

Concorrenza non competitiva

O procedemento de recoñecemento ao dereito a préstamos garantidos tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva. É dicir, atenderanse as solicitudes segundo a orde de chegada, ata cando haxa orzamento dispoñible. O prazo de solicitude estará aberto ata que se esgote o orzamento.

Para formalizar o préstamo, a persoa interesada deberá presentar, na entidade financeira adherida, a resolución do recoñecemento do dereito a recibilo. Todos os préstamos levan unha bonificación de xuros de tres puntos porcentuais durante os tres primeiros anos.

Obxectivos

Este mecanismo mellorará a orientación do mercado e aumentará a competitividade das explotacións agrícolas a curto e longo prazo, facendo maior fincapé na investigación, a tecnoloxía e a dixitalización.

Ademais, contribuirá á adaptación ao cambio climático e á súa mitigación, a través da redución das emisións de gases de efecto invernadoiro e mellorando a captura de carbono, así como coa promoción da enerxía sostible. Por último, promoverá o desenvolvemento sostible e a xestión eficiente de recursos naturais como a auga, o chan e o aire, por exemplo, reducindo a dependencia química.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA ABRE A CONSULTA PÚBLICA O ANTEPROXECTO DE DECRETO SOBRE CONTAMINACIÓN POR NITRATOS DE ORIGE AGRARIA

- Rueda urxe ao Goberno central que remate os estudos necesarios para declarar zonas vulnerables por presenza destes compostos, unha designación que só se debe facer se se acredita que a contaminación é producida por fontes agrarias dun xeito significativo
- Malia non contar aínda con estes datos, Galicia avanza xa na tramitación da normativa necesaria que aporte seguridade xurídica no caso de ter que declarar estas zonas
- A conselleira do Medio Rural resalta que o decreto contempla “a elaboración dun Plan autonómico de xestión integral dos excedentes das dexeccións gandeiras”, unha rede autonómica de instalacións para a eliminación e transformación destes residuos e a elaboración de “códigos de boas prácticas” para reducir a contaminación

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Consello acordou “a apertura da consulta pública” do anteproxecto do decreto que regulará “as actuacións para reducir e evitar a contaminación por nitratos de orixe agrario en Galicia”.

Nesta liña, lembrou que a normativa europea “obriga aos Estados a controlar o nivel de nitratos que hai nas augas procedentes da actividade agrícola” e declarar zonas vulnerables aquelas nas que se sobrepasen os límites permitidos e nas que se acredite que son os nitratos de orixe agrícola os que contribúen significativamente á contaminación. Para iso, tal e como indicou Rueda, Galicia “reclamou varias veces ao Goberno central” os estudos necesarios para acreditar que cantidades deste composto proceden da actividade agrícola e cales doutras fontes.

Pese a non contar aínda cos informes definitivos do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, a Xunta de Galicia adiántase nas xestións e inicia a tramitación da norma. Entre outras cuestións, o citado decreto determina o procedemento de declaración de zonas vulnerables á contaminación por nitratos de orixe agraria. O Consello do Goberno Galego tomou hoxe razón do acordo de inicio e consulta pública deste anteproxecto.

Tal e como explicou a conselleira do Medio Rural, María José Gómez, a día de hoxe en “Galicia non se teñen declarado zonas vulnerables” porque en ningún documento do Ministerio se identifica como principal causa de contaminación por nitratos a de orixe agraria, cuestión que debe quedar recollida nos correspondentes informes. Así, o informe de presións e impactos atópase actualmente en fase de elaboración por parte do Goberno central, pese ás esixencias realizadas en varias ocasións por parte da Xunta para contar cos datos definitivos canto antes. Por tanto, actualmente non se conta cos informes concluíntes sobre as presións agropecuarias, urbanas e outras que poidan considerarse significativas. Malia todo, o Goberno galego avanza na tramitación deste anteproxecto de decreto para traballar con anticipación e previsión. De feito, a titular de Medio Rural destacou que “desde o Goberno galego damos pasos en firme para, ante

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

todo, dotar de seguridade e certezas ao sector agrogandeiro, un dos piares económicos do noso rural”.

Ademais, tal e como indicou a conselleira, esta norma tamén inclúe outra serie de medidas como a elaboración “dun Plan autonómico de xestión integral dos excedentes das dexeccións gandeiras”, “a regulación da Rede autonómica integrada de instalacións de eliminación e valorización destes residuos” ou a creación de “códigos de boas prácticas” nas zonas vulnerables para reducir a contaminación.

Procedemento de declaración e Plan de xestión das dexeccións

Así, en relación co procedemento de declaración de zonas vulnerables resulta imprescindible a acreditación da orixe agraria da contaminación por nitratos, consonte á normativa de aplicación e á sentenza de 14 de marzo de 2024 do Tribunal de Xustiza da Unión Europea. O estudo de presións agropecuarias, urbanas e outras que poidan considerarse significativas, que está a elaborar o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico e que neste momento aínda non está concluído é a ferramenta que permite determinar a orixe agraria da contaminación.

Así mesmo, teranse en conta os estudos dos organismos de conca correspondente ou de Augas de Galicia, segundo proceda en cada caso. A designación esixirá sempre a previa acreditación no expediente de que os nitratos de orixe agraria contribúen significativamente á contaminación das augas afectadas, en consonancia co establecido na normativa europea de aplicación.

Na norma recóllese tamén que a Consellería do Medio Rural poderá elaborar un ou varios códigos de boas prácticas agrarias, que terán en xeral a natureza de recomendación, pero que serán de obrigada aplicación nas zonas vulnerables; e poñeranse en práctica programas de actuación para previr e reducir a contaminación, sempre tendo en conta a información científica de que se dispoña, que se revisarán cada catro anos.

Sobre o Plan de xestión das dexeccións gandeiras, determínanse como obxectivos os de contribuír a reducir a contaminación por nitratos ao mesmo tempo que se asegura a continuidade da actividade gandeira nas zonas vulnerables e fomentar a economía circular, mediante a xeración de biometano e fertilizantes.

Rede autonómica de plantas de tratamento

No que atinxe á rede de instalacións de eliminación e valorización das dexeccións gandeiras, no decreto establécese que a Consellería de Economía e Industria poderá promover esta actividade a través destas plantas.

A localización das plantas atenderá a factores como o mellor servizo ás explotacións das zonas vulnerables, a ausencia de iniciativas privadas de tratamento nesas áreas, a proximidade ao lugar de xeración dos residuos, os custos do transporte, o chan dispoñible e as distancias a depuradoras e gasodutos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Contexto da normativa europea e estatal

Este anteproxecto de decreto responde ao establecido pola normativa sobre nitratos da Unión Europea, que impón aos Estados membros a obriga de identificar as augas que se atopen afectadas pola contaminación por nitratos de orixe agraria, cuxas concentracións deberán ser vixiadas nunha serie de estacións de mostraxe. Por outra banda, establece tamén a obriga de designar como zonas vulnerables todas aquelas superficies do territorio cuxa escorrentía contribúa á referida contaminación, e de examinar e, se procede, modificar ou ampliar as zonas vulnerables designadas, como mínimo cada catro anos, a fin de ter en conta cambios e factores non previstos no momento da designación anterior.

En execución desta lexislación comunitaria, a normativa estatal prevé que corresponde ás comunidades autónomas designar como tales zonas vulnerables aquelas superficies coñecidas do seu territorio cuxa escorrentía flúa cara ás augas afectadas pola contaminación por nitratos e que contribúan, aínda que sexa minimamente, á súa contaminación.

Para levar a cabo esta declaración, as comunidades autónomas deben basearse no estudo das presións agropecuarias, urbanas e outras que poidan considerarse significativas que o citado Ministerio debe elaborar cuadrienalmente.

Nesta liña, Rueda lembrou que se trata dun asunto clave xa que “ten grandes repercusións para o sector agrogandeiro”. “O sector é o primeiro interesado en prácticas sostibles e respectuosas coa contorna”, indicou a conselleira, quen reclamou ao Goberno “rigurocidade, axilidade, criterios claros e adaptados á realidade galega” á hora de fixar os criterios para declarar unha zona vulnerable por nitratos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

PORTOS DE GALICIA, O CONCELLO DE BAIONA E O BANCO SABADELL ASINARÁN UN CONVENIO PARA A MELLORA DO PEIRAO DA DOCA CUN INVESTIMENTO DE 422.750 EUROS

A actuación incluírá o saneamento do peirao e o reforzo da estrutura coa retirada da plataforma da explanada, así como o pintado cunha imaxe artística

Portos de Galicia, o Concello de Baiona e o Banco Sabadell asinarán un convenio de colaboración para a mellora do peirao da Doca do municipio a través dunha actuación orzada en 422.750 euros. O Consello da Xunta autorizou hoxe este acordo, que permitirá mellorar a imaxe dunha infraestrutura emblemática da vila e que permite, ademais, o tránsito peonil pola súa superficie.

As obras serán cofinanciadas a través de Portos de Galicia e o Banco Sabadell. O ente público achegará 332.750 euros para o saneamento da Doca e reforzo da estrutura, mentres que a entidade bancaria proporcionará 90.000 euros para o financiamento da obra artística. Pola súa parte, o Concello de Baiona encargárase de tramitar os permisos para a actividade e organizar e supervisar o seu desenvolvemento.

Así mesmo, será a Administración local a encargada de elaborar o proxecto artístico a través dun proceso participativo e contratar o/a artista finalmente seleccionado/a. Este proxecto busca converterse nun punto de referencia cultural e turístico en Baiona, promovendo o coñecemento da tradición pesqueira e a conservación do contorno mariño.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA E O IIM-CSIC ESTUDARÁN O DESENVOLVEMENTO E SAÚDE DAS POBOACIÓNS NATURAIS DE POLBO COMÚN EN GALICIA, CO FIN DE ASEGURAR A PRODUCCIÓN ANUAL

- Realizarase a través do convenio, segundo o cal Mar achega 251.865 euros, cofinanciados polo Fempa, e cuxo prazo de vixencia remata en 2027
- O proxecto, coñecido como Octosan, determinará a capacidade de defensa do cefalópodo a estresantes ambientais ocasionados polos efectos do cambio climático
- Con este proxecto, o Goberno galego dá resposta a unha das necesidades do sector: garantir a supervivencia desta especie, tanto en termos de explotación do recurso como da economía e do emprego que xera

O Consello da Xunta deu conta do Convenio entre a Consellería do Mar e a Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC), a través do Instituto de Investigacións Mariñas (IIM), para a realización do proxecto Estudo do desenvolvemento e saúde das poboacións naturais de polbo común *Octopus Vulgaris* en Galicia (Octosan).

Dotado con 251.865 euros, que serán cofinanciados nun 70 % polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), esta iniciativa afonda na detección da capacidade de defensa desta especie a estresantes ambientais ocasionados polos efectos do cambio climático.

Para iso, e tal e como rexe o texto do acordo, determinarse o desenvolvemento do ciclo vital do polbo común (datos biométricos e índice de condición), a análise de madurez (índice gonadosomático), a época de posta baixo diferentes variables ambientais (temperatura, salinidade, tormentas) ao longo do ano e en diferentes localidades xeográficas da costa galega, a posible presenza de parasitos e outros patóxenos, o efecto das variables ambientais estacionais e localidades xeográficas na súa prevalencia, e a resposta do sistema inmune en cada un dos escenarios ambientais estudados.

Con este proxecto, a Administración autonómica continúa dando resposta a unha das principais necesidades do sector: garantir a supervivencia das poboacións ante fenómenos adversos que poidan ocasionar o descenso produtivo, asegurando con iso a sostibilidade da actividade, tanto en termos de explotación do recurso como da economía e do emprego que xera nas zonas costeiras.

Trátase dunha iniciativa que nace do apoio estratéxico que a Consellería do Mar mantén coas confraría e outras entidades pesqueiras, co fin de asegurar a súa rendibilidade e tamén como fontes xeradoras dunha despensa de máxima calidade para os galegos e a galegas.

O convenio ten vixencia ata 2027, polo que a distribución ozamentaria é a seguinte: 57.055 euros na anualidade 2025, 119.010 na de 2026, e 75.800 na de 2027.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA FÍXASE O OBXECTIVO DE CHEGAR ESTE ANO ÁS 90.000 PERSOAS DEPENDENTES ATENDIDAS

- Galicia supera hoxe os 84.000 dependentes con servizo, o que supón un incremento do 12 % nos últimos doce meses
- No primeiro semestre de vixencia do Plan de mellora da dependencia e discapacidade resolvéronse de maneira favorable 42.559 expedientes, un 95 % máis que no mesmo período do ano anterior
- Neste tempo implantouse a valoración automática do grao III de dependencia para as situacións máis graves e a posibilidade de que as valoracións se fagan directamente nas residencias públicas por parte do persoal sanitario
- Créanse tres novas unidades de valoración nas comarcas do Barbanza, na do Eume e na de Bergantiños, e incorporáronse novos profesionais ás áreas de dependencia dos departamentos territoriais e dos servizos centrais.
- Estendeuse o sistema de citación a través de mensaxes no móbil a concellos de máis de 10.000 habitantes

A Xunta márcase como obxectivo no ámbito da dependencia chegar ás 90.000 persoas con servizo ou prestación este mesmo ano. Na actualidade, Galicia supera as 84.000 persoas atendidas, o que representa unha suba do 12 % nos últimos doce meses, a máis elevada no conxunto de España, e sitúa a ratio de cobertura na nosa comunidade no 98,6%.

Estes datos expuxéronse no Consello da Xunta desta mañá, no cal se deu conta dun novo informe de seguimento do Plan de axilización e simplificación dos trámites de dependencia e discapacidade que se está a desenvolver desde o pasado mes de xaneiro. Nos primeiros meses do ano resolvéronse favorablemente 42.559 expedientes, un 95 % máis que no mesmo período do 2024. En concreto, o informe indica que en dependencia hai 12.557 novas persoas atendidas, un 65 % máis, e en discapacidade emitíronse 30.002 resolucións favorables, é dicir, un 110 % máis.

Estes datos son resultado das medidas que se adoptaron neste tempo para mellorar a atención e que puxeron o foco na simplificación administrativa e no reforzo do persoal. No que atinxe á redución da burocracia, nos últimos catro meses implantouse a valoración automática das persoas con grao III de dependencia a todas aquelas que co seu expediente e os informes de saúde se deduxa claramente que teñen ese grao. Isto permite que sexan os técnicos os que ditaminan de maneira directa, polo que se evitan desprazamentos, esperas e papelame.

Ademais, estase a valorar a dependencia directamente nas residencias públicas a cargo do persoal sanitario, polo que non teñen que acudir os técnicos dos departamentos territoriais.

Outra medida que deu máis celeridade ao proceso é o protocolo de colaboración asinado co Servizo Galego de Saúde (Sergas), que lles permite aos servizos de dependencia solicitar de oficio os informes de saúde necesarios para realizar as valoracións. Ata o

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

momento recibíronse preto de 3.000 informes de saúde sen ningún trámite por parte da cidadanía.

Reforzo de persoal

No capítulo de persoal, creáronse tres novas unidades de valoración nas comarcas do Barbanza, na do Eume e na de Bergantiños. Así mesmo, desde o pasado mes de febreiro contratáronse once profesionais na área de dependencia dos departamentos territoriais e fortaleceuse a unidade de contratación da dependencia dos servizos centrais coa incorporación de catro técnicos no servizo de emerxencias sociais.

O Plan tamén afondou neste semestre noutras melloras que repercutiron favorablemente na atención. Así, ampliouse o sistema de citación automatizado a través de mensaxes no móbil a concellos que superan os 10.000 habitantes. Este modelo aplicouse primeiro para ás sete grandes cidades e despois estendeuse a concellos de 20.000 habitantes.

Tamén se seguiu coa formación continua do persoal dos servizos de dependencia e discapacidade nos departamentos territoriais, así como do persoal sanitario das residencias públicas, e mantense o plan de produtividade con incentivos.

O obxectivo da Xunta é seguir traballando nesta liña para chegar a un maior número de persoas. Para isto, é necesario que o Goberno central cumpra coa Lei de dependencia, pois apenas financia o 35 % dos custos dos servizos, moi lonxe do 50 % a que está obrigado. Este déficit no financiamento con Galicia contrasta co acordo bilateral ao cal o Executivo central chegou co País Vasco para sufragar, só nese territorio, o 50 % da dependencia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA DESTACA QUE GALICIA TEN ADXUDICADO XA O 94 % DO IMPORTE DE FONDOS MRR PUBLICADO EN CONVOCATORIAS E LICITACIÓN S E O 85 % DO INGRESADO

- Salienta que “máis de 46.500 persoas, máis de 8.500 autónomos e 6.000 entidades” e sociedades estanse a beneficiar destes fondos
- Lamenta a demora do Goberno central á hora de distribuír os fondos industriais a través dos PERTE

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, resaltou hoxe que o Goberno galego xa adxudicou “1.369 millóns de euros dos fondos do Mecanismo de recuperación e resiliencia”, é dicir, “o 85% dos fondos recibidos e o 94 % do importe publicado en convocatorias e licitacións”.

Deste modo se reflicte nun informe da Consellería de Facenda e Administración pública que hoxe se presentou ao Consello do Goberno galego referido á execución do Mecanismo de recuperación e resiliencia correspondente ao segundo trimestre de 2025.

Segundo explicou Rueda, a Xunta ten asignados 1.745 millóns de euros, dos que se recibiron por 1.631 M€ para ámbitos coma a transición verde e transformación dixital, industria, comercio e turismo, protección social e educación ou ciencia e saúde.

“Seguimos cumprindo nesta execución e nos da todo o dereito a reclamar o mesmo á Administración xeral do Estado”, salientou o presidente. De feito, o informe repasa tamén o estado de execución dos proxectos estratéxicos para a recuperación e transformación económica, que son deseñados, planificados e xestionados polo Goberno do Estado. Existen, na actualidade, 12 PERTE aprobados con financiamento de fondos MRR, que contan cun orzamento total de máis de 41.000 M€, pero só se adxudicaron 18.497 M€ (45 %).

A dotación dos PERTE supón o 25 % dos recursos totais do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, incluíndo os recursos adicionais da addenda de 2023. Porén, a participación de Galicia nas adxudicacións dos PERTE é do 5,6 % do asignado en toda España (1.033 M€). En canto a esta xestión centralizada, puxo como exemplo o PERTE do vehículo eléctrico e conectado, onde a Comunidade galega só recibiu o 3 % dos fondos asignados, a pesar da importancia da produción que representa Galicia fronte ao resto de territorios do Estado.

En canto ao impacto da execución da Xunta de Galicia a través dos fondos do Mecanismo de recuperación e resiliencia na sociedade galega, ata finais do segundo trimestre de 2025, “máis de 46.500 persoas físicas, máis de 8.500 autónomos e máis de 6.000 entidades e sociedades” estanse a beneficiar dos fondos xestionados polo Goberno galego.

O presidente da Xunta recordou que o prazo de execución dos fondos MRR finaliza no ano 2026, tal e como acaba de confirmar a Comisión Europea.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PROMOVE A CONVIVENCIA DIXITAL NO EIDO EDUCATIVO CON OBRADOIROS PARA O ALUMNADO, A FORMACIÓN DO PROFESORADO E UNHA GUÍA DE USO SEGURO DA INTERNET E DAS REDES SOCIAIS

- O Consello recibe un informe sobre as actuacións desenvolvidas no curso 2024/25
- Uns 7.000 escolares acudiron a obradoiros e outros 7.400 participaron no concurso Ciberseguridade no Cole, no marco do encontro CIBER.gal
- Cerca de 1.000 docentes participaron no Congreso de coordinación de benestar e convivencia na educación, no cal recibiron formación sobre uso seguro da Internet e redes sociais

A Xunta de Galicia promove a convivencia dixital no ámbito educativo coa organización de obradoiros para o alumnado, a formación do profesorado e a publicación dunha guía de uso seguro da Internet e das redes sociais. Estes son algúns dos contidos do informe que hoxe recibiu o Consello sobre a actividade que desenvolveron conxuntamente a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

Entre as principais accións desenvolvidas durante o curso destacan os obradoiros sobre Introdución segura á pegada dixital e ás redes sociais. Tiveron como obxectivo sensibilizar ao alumnado sobre os retos e oportunidades da Internet e salientar a importancia de construír unha pegada dixital segura e positiva, así como fomentar o uso ético e responsable desta tecnoloxía. Nos obradoiros participaron cerca de 7.000 escolares de 2º, 3º e 4º da ESO e de FP básica en dous centenares de centros educativos.

Durante o curso tivo lugar tamén a IV edición da xornada Somos cibernéticas, dirixida a reducir as fendas de xénero. O obxectivo desta actividade é o de fomentar o interese das alumnas pola ciberseguridade e contribuír á redución da fenda de xénero neste ámbito. Ademais dunha conferencia accesible a través da Internet, a xornada acolleu cinco obradoiros prácticos guiados por mulleres expertas en ciberseguridade, nos cales participaron 44 estudantes de 4º da ESO.

No marco do Encontro CIBER.gal, que ten lugar anualmente na cidade da Cultura, convocouse a IV edición do concurso Ciberseguridade no Cole, no cal participaron máis de 7.400 estudantes de 212 centros educativos de Galicia. A Cidade da Cultura acolleu tamén a posta en escena da obra teatral *Hixiénico*, realizada en colaboración coa escola Superior de Arte Dramática de Galicia. A obra aborda as consecuencias do acoso pola Internet e as redes sociais. O Encontro CIBER.gal incluíu, así mesmo, unha conferencia sobre formación especializada en ciberseguridade no ámbito da formación profesional. Outra acción destacada no informe é o II Congreso de coordinación de benestar e convivencia, que reuniu cerca de 1.000 docentes co obxectivo de reforzar a formación específica en benestar, convivencia e protección da infancia e adolescencia no ámbito educativo, así como favorecer o intercambio de experiencias e boas prácticas. O congreso contou cunha sesión dedicada ao uso seguro da Internet e das redes sociais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Guía para un uso seguro da Internet e das redes sociais

Pola súa banda, a Guía de uso seguro da Internet e as redes sociais para alumnado dos centros educativos ofrece unha visión clara e práctica dos principais retos da vida dixital do alumnado, como as consecuencias da pegada dixital, a protección dos datos persoais, a seguridade dos dispositivos móbiles, a navegación segura e o uso dos contrasinais. A guía, dispoñible en liña, complementase con outros recursos como vídeos ou infografías.

A colaboración entre a Amtega e a Consellería de Educación responde á necesidade de formar e sensibilizar a comunidade educativa ante os retos da vida na rede, sobre todo na protección da pegada dixital; no uso seguro e responsable das redes sociais; e na prevención de condutas de risco entre o alumnado.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 253.000 € PARA FINANCIAR PROGRAMAS DE INCORPORACIÓN SOCIAL EN VIVENDAS DE PACIENTES DROGODEPENDENTES ESTABILIZADOS

- As axudas están destinadas a entidades privadas sen ánimo de lucro para a realización destes programas de inserción social e adaptación destes pacientes á vida cotiá
- Os usuarios das vivendas serán pacientes en tratamento e seguimento nas unidades de atención a drogodependencias que requiran dun programa de incorporación social con apoio residencial
- Financiaranse catro programas cunha achega máxima de 63.326 euros por programa, o que supón un incremento de máis de 8.200 euros con respecto ao pasado ano
- O acceso a este recurso será voluntario e ofertarase de xeito prioritario cando non exista un apoio sociofamiliar axeitado ou concorran situacións de vulnerabilidade

A Xunta publicará unha nova orde de axudas por un importe de 253.000 euros para financiar programas de incorporación social en vivendas dos pacientes drogodependentes en tratamento e seguimento en unidades asistenciais especializadas que están estabilizados e que precisen apoio para a súa adaptación á vida cotiá e a consecución dunha vida autónoma.

Tal e como recolle un informe da Consellería de Sanidade que hoxe foi elevado ao Consello da Xunta, estas axudas irán destinadas ás entidades privadas sen ánimo de lucro que realicen programas de incorporación social e faciliten a adaptación destas persoas con dificultades á vida cotiá.

A actual rede de asistencia de drogodependencias do Servizo Galego de Saúde colabora con asociacións sen ánimo de lucro que están a desenvolver programas de incorporación social.

Con esta nova orde de axudas a Xunta financiará catro programas de inserción social en vivendas, e alcanzará un importe máximo de 63.326 euros por programa, o que supón un aumento de máis de 8.200 euros con respecto ao ano pasado.

As entidades solicitantes terán un prazo dun mes para presentar as solicitudes, desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

O procedemento será tramitado en réxime de concorrência competitiva, e adxudicaranse as axudas aos programas que obteñan as puntuacións máis altas. Para tal efecto, constituirase unha comisión de valoración que, de acordo cos criterios establecidos na propia orde, avaliará os proxectos solicitantes.

Contorna segura e estruturada

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Tal e como se recolle no informe, as persoas usuarias das vivendas serán pacientes en tratamento e seguimento nas unidades de atención a drogodependencias que requiran dun programa de incorporación social con apoio residencial.

O acceso a este recurso será voluntario e ofertarase de xeito prioritario cando non exista un apoio sociofamiliar axeitado ou concorran situacións de vulnerabilidade.

Estes pisos son espazos que ofrecen unha contorna segura e estruturada ás persoas que seguen un proceso de rehabilitación coa finalidade de procurar o apoio necesario cara á súa reintegración social, dotándoas dunha vivenda digna que cubra todas as necesidades básicas desde a que poidan realizar o seu tratamento contra as drogodependencias.

Esta liña de axudas busca facilitar a adaptación á vida cotiá mediante a residencia temporal nunha vivenda normalizada, con tutela de persoal técnico cualificado para facilitar a incorporación social e promover unha vida autónoma. As entidades sen ánimo de lucro beneficiarias levarán a cabo programas dirixidos a este obxectivo.

O Plan de trastornos adictivos de Galicia ten como un dos seus obxectivos apoiar os procesos de integración social das persoas atendidas na rede de tratamento, acadando unha abordaxe integral das adiccións, coa inclusión de intervencións en materia de asistencia e incorporación social e accesibilidade aos servizos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA FINANCIA 63 SOLICITUDES PARA PROXECTOS COLECTIVOS DE MODERNIZACIÓN DOS EQUIPAMENTOS PORTUARIOS POR VALOR DE 6,5 M€

- Con respecto ao período 2022-2024, supoñen un aumento do 36,16 % en canto ao investimento e de preto dun 18 % máis no que atinxe ao número de solicitudes
- O obxectivo destas axudas é impulsar un sistema portuario pesqueiro que responda ás necesidades do sector, que sexa eficaz economicamente, tecnoloxicamente avanzado, socialmente integrador e enerxeticamente eficiente
- Confirman o compromiso inequívoco de Mar coa actividade marítimo-pesqueira, promovendo condicións viables, competitivas e atractivas para os sectores da pesca, da acuicultura e a transformación viables

O Consello da Xunta deu o visto e prace ao informe da nova convocatoria da liña axudas, cofinanciadas nun 70 % a través do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), e destinadas a proxectos colectivos para a modernización e mellora dos equipamentos e infraestruturas dos portos pesqueiros, lugares de desembarque, das lonxas e dos ancoradoiros.

En total, a Consellería do Mar financiará 63 solicitudes por valor de 6.476.634 euros, dos cales 6.239.766 corresponden á anualidade 2025 e 245.868 á de 2026. Con estas achegas, o Goberno galego dá continuidade a uns apoios que, con respecto ao período 2022-2024, supoñen un incremento do 36,16 % en canto ao importe concedido e un 17,69 % máis no que atinxe ás peticións recibidas.

Son beneficiarias destas subvencións as confrarías de pescadores, as agrupacións de interese económico do sector pesqueiro, as organizacións de produtores, as cooperativas, as asociacións profesionais de persoas pescadoras e mariscadoras, e as asociacións profesionais de redeiras. Os proxectos teñen como obxectivo a mellora da eficiencia enerxética, a protección do ambiente, a seguridade e as condicións de traballo das persoas pescadoras, a calidade e incrementar o control e a rastrexabilidade dos produtos desembarcados procedentes da pesca e a seguridade das infraestruturas fronte a eventos meteorolóxicos provocados polo cambio climático.

Deste xeito, a Administración autonómica dá continuidade a esta liña de axudas no marco da terceira convocatoria do FEMPA, co obxectivo de acadar un sistema portuario pesqueiro máis eficaz economicamente, tecnoloxicamente avanzado, socialmente integrador, enerxeticamente eficiente e que contribúa á neutralidade climática.

A última convocatoria incluíu o financiamento dun total de 47 proxectos por valor de 5 millóns de euros, que se suman aos executados nas anteriores. Desde o ano 2016 alcanzouse a cifra de máis de medio millar de actuacións, no marco do Plan de equipamentos portuarios, por todo o litoral galego, o que supuxo a mobilización de 26,5 millóns de euros.